



Vixente: 30 de xuño de 2017

REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL



A Constitución Española do 27 de decembro de 1978, no Título VIII, artigos 137 e 140, recoñece e garante a autonomía dos municipios.

Este principio constitucional desenvólvese na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que no seu artigo 4, alínea 1 a), establece que aos municipios, dentro da esfera das súas competencias, correspóndenlles, en todo caso, as potestades regulamentaria e de autoorganización, que se ven repetir no artigo 6, alínea 1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Estas potestades, é dicir, a potestade de ditar normas e de regular a súa propia organización, están recollidas expresamente no artigo 20, alínea 1 d), alínea 3, e artigo 22.2 alínea d) da Lei 7/1985, así como no artigo 59, alínea 1, da Lei 5/1997, de administración local de Galicia. Dentro destas potestades destaca a posibilidade de que cada Corporación Local aprobe o seu Regulamento Orgánico relativo ao seu réxime organizativo e de funcionamento dos seus órganos, axeitado ás características propias de cada Corporación, sen outro límite que o respecto ás regras de organización municipal establecido na lexislación básica do Estado (Lei 7/1985) e na Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Así pois, no exercicio do dereito de autonomía municipal e da potestade regulamentaria e de autoorganización, a Corporación aproba o seguinte

REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL

TÍTULO PRELIMINAR – DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1

O Concello de Cambre, no exercicio das potestades regulamentaria e de autoorganización que lle recoñece a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local [artigos 4.1 a), 20.1 d.) e 3], e a Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia [artigos 6.1.a) e 59.1], e con suxeición a elas, promove polo presente regulamento, a súa organización e réxime de funcionamento dos órganos necesarios e complementarios que nel se establecen.

Artigo 2

A organización e funcionamento interno do concello axustarase á seguinte orde xerárquica de fontes normativas:

- a) Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais lexislación básica que se dite en diante.
- b) Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- c) O Regulamento orgánico municipal.
- d) Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, para aquelas materias nas que resulte insuficiente a normativa establecida no Regulamento Orgánico, polo que este ten preferencia sobre aquel.

Artigo 3

Correspóndelle ao alcalde ditar as instrucións interpretativas e aclaratorias da normativa sinalada no artigo anterior, para a súa aplicación no municipio.

TÍTULO I – DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

Artigo 4

1 – Os concelleiros, para os efectos da súa actuación corporativa, constituiranse en grupos, que se corresponderán cos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que obtivesen postos na Corporación.

2 – Cada partido político, federación, coalición ou agrupación constituirá un único grupo.

3 – Ninguén pode pertencer simultaneamente a máis dun grupo.

Artigo 5

1 – O mínimo de concelleiros para constituír un grupo é de dous.

2 – Integraranse, en todo caso, no grupo mixto, os membros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que non obtivesen un mínimo de dous escanos.

No suposto de que non existise grupo mixto, este quedará constituído polo membro do partido político, federación, coalición ou agrupación que obtivese un só escano.

3 – Durante o mandato da Corporación, ningún membro dela poderá integrarse nun grupo distinto daquel no que o fixese inicialmente.

Artigo 6

1 – Os grupos políticos constituiranse mediante escrito dirixido ao presidente e subscrito por todos os seus integrantes, que se presentará na Secretaría Xeral da Corporación, dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación. Se algún concelleiro non asinase o escrito de constitución do grupo, isto non impedirá a súa constitución, e os non asinantes integraranse no grupo mixto.

2 – No mesmo escrito de constitución farase constar a designación do voceiro do grupo, podendo tamén designarse suplentes.

Artigo 7

1 – Da constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e voceiros, o presidente daralle conta ao Pleno na primeira sesión que se realice logo de cumprirse o prazo previsto anteriormente.

2 – As modificacións respecto aos voceiros ou suplentes serán efectivas desde a presentación do escrito no Rexistro Xeral, e darase conta ao Pleno na primeira sesión que se realice.

Artigo 8

1 – Os membros da Corporación que adquiren a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva, deberanse incorporar ao grupo correspondente á lista na que foron elixidos ou, se é o caso, ao grupo mixto, segundo o establecido nos artigos cuarto e quinto. No primeiro suposto

disporán dun prazo de cinco días hábiles, que comezará a contar desde que tomen posesión do seu cargo, para acreditar a incorporación ao grupo que lles corresponda mediante escrito dirixido ao Presidente e asinado, igualmente, polo correspondente voceiro.

2 – De non se producir a súa integración na forma prevista na alínea anterior, e agás forza maior, integraranse automaticamente no grupo correspondente á lista na que saíron elixidos.

Artigo 9

1 – O voceiro de cada grupo será o encargado de intervir, normalmente, na deliberación dos asuntos. Non obstante, no propio escrito de designación, poderase facer constar que, por razón das materias, sexa delegada a exposición dos asuntos, votos particulares, etc..., a prol doutros membros do grupo.

2 – As modificacións respecto dos voceiros ou suplentes serán efectivas desde a presentación do escrito no Rexistro Xeral, dando conta dela ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

3 – O grupo mixto poderá establecer unha rolda rotativa para o desempeño da función de voceiro, ou ben distribuír entre os seus compoñentes o tempo que lle corresponda ao grupo.

Artigo 10

Correspóndelles aos grupos políticos designar, mediante escrito do seu voceiro dirixido ao presidente, a aqueles dos seus compoñentes que os deban representar en todos os órganos colexiados integrados por membros da Corporación pertencentes aos diversos grupos.

Artigo 11

1 – Os grupos políticos disporán, na Casa do Concello ou nun inmovible próximo pertencente ao Concello, dun local ou despacho para se reunir de maneira independente e recibir visitas dos cidadáns. Os devanditos locais estarán dotados dunha infraestrutura en medios materiais informáticos e de comunicación necesarios, en consonancia coa capacidade económica e técnica do concello.

2 – Logo da solicitude á Alcaldía, os grupos políticos poderán facer uso de locais da Corporación para realizaren reunións e sesións de traballo con asociacións para a defensa dos intereses colectivos, xerais ou sectoriais da poboación. Estas xuntanzas non se permitirán se no salón de sesións coinciden con sesións do Pleno, e respecto do resto dos locais municipais cando a dispoñibilidade dos espazos para outros actos político-administrativos da Corporación o impida, se estas últimas estivesen xa programadas ou concertadas con anterioridade á solicitude do grupo municipal demandante, salvo razóns de urxencia que o impidan.

Artigo 12

1 – O Pleno da Corporación, con cargo aos orzamentos municipais dela, poderá asignarlles aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos, e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, se é o caso, se establezan con carácter xeral nas leis de orzamentos xerais do Estado, e sen que poidan destinarse ao pagamento de remuneracións do persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

2 – Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación á que se refire o parágrafo anterior, que porán ao dispor do Pleno da Corporación sempre que este llelo pida.

Artigo 13

Os grupos políticos disporán, na Casa do Concello, ou no inmovible onde teñan o local ou despacho para se reunir, dunha caixa do correo para a correspondencia oficial interior e maila de procedencia externa, así como das comunicacións ou mensaxes que se poidan recibir con destino a eles por calquera outro medio (avisos telefónicos, fax, correo electrónico, etc...).

TÍTULO II- ESTATUTO DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

CAPÍTULO I - DEREITOS

Artigo 14 (Modificado: Pleno 04/04/2013)

Os concelleiros gozarán, unha vez que tomen posesión do seu cargo, dos honores, prerrogativas e distincións propias que se establecen nas Leis do Estado e da Comunidade Autónoma.

En particular, os concelleiros recibirán ao tomar posesión unha identificación oficial persoal e intransferible que os acredite como tales.

Artigo 15

1 – Os concelleiros terán o dereito de asistir con voz e voto ás sesións do Pleno da Corporación e ás das comisións das que formen parte. Así mesmo, poderán asistir, sen dereito a voto, ás sesións das comisións das que non formen parte, do xeito que se regula no artigo 139.1 do presente regulamento.

2 – Os concelleiros terán dereito a formar parte, polo menos, dunha comisión, e a exercer as facultades e desempeñar as funcións que este regulamento lles atribúe.

Artigo 16 (Modificado: Pleno 04/04/2013)

1 – Todos os concelleiros terán dereito a obter do alcalde ou presidente da Comisión de Goberno cantos antecedentes, datos ou información consten en poder dos servizos da Corporación e sexan necesarios para desenvolver a súa función.

2 – O pedimento de acceso ás informacións entenderase concedido por silencio administrativo no caso de que o presidente ou a Comisión de Goberno non diten resolución ou acordo denegatorio e sexa notificado persoalmente ao concelleiro interesado no termo dos cinco días naturais contados desde a data de presentación da solicitude no Rexistro de Entrada. En todo caso, a denegación do acceso á documentación informativa deberase facer a través de resolución ou acordo motivado.

3 – Malia o anteriormente disposto, os servizos da Corporación facilitaranlles directamente a información aos membros da Corporación nos seguintes casos:

- a) Cando se trate do acceso de membros da Corporación que teñan delegacións ou responsabilidades de xestión do acceso á información para exercelas.
- b) Cando se trate do acceso de calquera membro da Corporación á información e maila documentación correspondente aos asuntos que deban ser tratados polos órganos colexiados dos que formen parte, así como ás resolucións aos acordos adoptados por calquera órgano da Corporación.
- c) Cando se trate do acceso de membros da Corporación á información ou á documentación da entidade local que sexa de libre acceso para os cidadáns.

4 – Co fin de facilitar aos concelleiros a información precisa para o desenvolvemento da súa función, e sen prexuízo do seu dereito a formular peticións de información concretas, o equipo de goberno remitirá no prazo de quince días, a contar dende a finalización de cada trimestre natural, informe detallado por escrito do estado da execución orzamentaria. O citado documento virá acompañado, así mesmo, de informe emitido da Intervención municipal sobre a súa realidade e certeza.

5 – Así mesmo, e coa mesma periodicidade que no punto anterior, o alcalde facilitará aos diferentes grupos municipais, informe detallado sobre as actuacións levadas a cabo polos diferentes órganos colexiados supramunicipais, provinciais, autonómicos, etc., nos que o Concello de Cambre tivera representación. O citado informe será acompañado das actas de reunión ou xuntanzas que tiveran lugar.

Artigo 17 (Modificado: Pleno 04/04/2013)

1 – A consulta e o exame concreto dos expedientes, libros e documentación en xeral rexeráse polas seguintes normas:

- a) A consulta xeral de calquera expediente ou antecedentes documentais poderase realizar, ben no arquivo xeral ou na dependencia onde se atope, ben mediante a entrega deles ou de copia ao membro da Corporación interesado para que os poida examinar no despacho ou salas reservadas aos membros da Corporación.
- b) En ningún caso os expedientes, libros ou documentación poderán saír da Casa do Concello, ou das correspondentes dependencias e oficinas locais.
- c) A consulta dos libros das actas e mailos libros de resolucións do alcalde deberase efectuar no arquivo ou na Secretaría Xeral.
- d) O exame de expedientes sometidos á sesión poderá facerse unicamente no lugar no que se atopen de manifesto a partir da convocatoria. Non obstante, entregarase aos voceiros dos grupos políticos integrantes da Corporación, unha carpeta que conterá copia da proposta e informe/s en que se fundamente esta, respecto dos asuntos incluídos na convocatoria, iso sen prexuízo de que o expediente completo estea a disposición de todos os membros da Corporación para o seu exame.

2 – No suposto da entrega previsto na alínea a) do número anterior, e para os efectos do oportuno control administrativo, o interesado deberá asinar un aviso de recibimento e terá a obriga de devolver o expediente ou documentación nun termo máximo de corenta e oito horas, ou antes, en función das necesidades do trámite en cuestión.

3 – O dereito a consulta inclúe o dereito a obter copia, entendendo por dereito á consulta tanto o acceso directo dos concelleiros á información previsto no apartado 3 do artigo anterior, como a autorización expresa ou presunta outorgada de conformidade co establecido no apartado 2 do mesmo artigo.

4 – Tratarase en todos os casos, e particularmente naqueles en que a documentación sexa voluminosa, de proceder o máis selectivamente posible de forma que, sen mengua do dereito á información de todos os concelleiros, só se reproduzan os documentos imprescindibles, debendo quedar constancia no departamento xestor do expediente, mediante a correspondente dilixencia.

Artigo 17 bis (De nova inclusión: Pleno 04/04/2013)

Os membros da Corporación terán dereito a participar en exercicio da súa función de control, previa solicitude, en todos cantos actos públicos ou privados se celebren no municipio e coa participación económica do Concello de Cambre.

Artigo 18 (Modificado: Pleno 27/01/2011)

1 – Os membros da Corporación percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva e, neste caso, serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporación o pagamento das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo 74 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para a situación de servizos especiais.

No suposto destas retribucións, a súa percepción será incompatible con outras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

2 – Os membros da Corporación que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva a estas, e nestes casos serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo a Corporación as cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo 74 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os membros en situación de servizos especiais. Estas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de orzamentos xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven parella esta dedicación parcial e das retribucións destes, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción destas retribucións que, en todo caso, non poderá ser inferior a 20 horas semanais.

Os membros da Corporación que sexan persoal das Administracións Públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións fóra da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no artigo 5 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, sen prexuízo do dereito que lles asiste a gozar de permisos polo tempo indispensable para o desempeño do cargo electivo de concelleiro.

Para os efectos do disposto no artigo 37.3.d) do Estatuto dos traballadores e no artigo 30.2 da Lei 30/1984, enténdese por tempo indispensable para o desempeño do cargo electivo dunha Corporación Local, o necesario para a asistencia ás sesións do Pleno da Corporación ou das Comisions, e atención ás Delegacións de que forme parte ou que desempeñe o/a interesado/a.

Artigo 19 (Modificado: Pleno 27/01/2011)

1 – O Pleno corporativo, por proposta do presidente, determinará, dentro da consignación global contida para este fin no orzamento, a relación dos cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, e con dereito a retribución, así como as contías que lles correspondan a cada un deles tendo en conta o seu grao de responsabilidade.

2 – Unha vez adoptado o acordo, corresponde ao alcalde determinar os membros da Corporación que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

3 – O nomeamento dun membro da Corporación para un destes cargos só suporá a aplicación do réxime de dedicación exclusiva ou parcial se é aceptado expresamente por aquel, e esta circunstancia seralle comunicada ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. A aceptación deberase producir no prazo dos dez días desde a notificación ao interesado. Transcorrido o devandito prazo, entenderase que non acepta o cargo.

Artigo 20 (Modificado: Pleno 27/01/2011)

1 – Todos os membros da Corporación, incluídos os que desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, percibirán indemnizacións polas despesas ocasionadas polo exercicio do cargo, cando sexan efectivas, e logo da súa xustificación documental, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas, e as que en desenvolvemento delas aprobe o Pleno corporativo.

2 – Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, na contía que sinale o Pleno dela. Non obstante, todos poderán percibir esta clase de indemnizacións cando se trate de órganos rectores de organismos dependentes da Corporación local que teñan personalidade xurídica independente, de consellos de administración de empresas con capital ou control municipal ou de tribunais de probas para a selección do persoal.

Artigo 21 (Modificado: Pleno 27/01/2011)

1 – Todos os membros da Corporación, incluídos os que desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, terán dereito a percibir indemnizacións por desprazamento, manutención, aloxamento e outros gastos ocasionados como consecuencia directa do exercicio do cargo.

2 – A contía deste tipo de indemnizacións fixarase polo Pleno do Concello, establecéndose a forma de percepción e os termos da súa xustificación nas bases de execución do orzamento anual.

En ningún caso estas indemnizacións serán inferiores ás que puideran corresponderlles en aplicación da normativa estatal que as regula.

3 – A contía e regulación das indemnizacións por desprazamento, aloxamento e manutención estableceranse nas bases de execución dos orzamentos, e deberán publicarse no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da Casa de Concello e na páxina web municipal.

Artigo 22 (Modificado: Pleno 27/01/2011)

1 – A Corporación consignará no seu orzamento as retribucións, indemnizacións, compensacións e asistencias ás que se fan referencia nos artigos anteriores.

2 – As cantidades acreditadas aboaranse, en termos xerais, unha vez ao mes, sen prexuízo de que o concello adiante cantidades a xustificar no caso das indemnizacións e outras despesas.

3 – Publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal, os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así como as Resolucións da Alcaldía determinando os membros da Corporación que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Publicaranse igualmente no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal, o nomeamento, características e retribucións do persoal eventual.

4 – Mensualmente publicaranse na páxina web municipal as cantidades percibidas polos membros da Corporación en concepto de asistencias a órganos colexiados.

CAPÍTULO II – DEBERES E RESPONSABILIDADES

Artigo 23

Os concelleiros están obrigados á observación deste regulamento, e a respectar a orde e maila cortesía corporativa.

Artigo 24

Os concelleiros non poderán invocar ou facer uso da súa condición de corporativos para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional.

Artigo 25

1 – Os concelleiros deberán observar en todo momento as normas sobre incompatibilidades establecidas na lexislación electoral, e deberán poñer en coñecemento da Corporación calquera feito que puidese constituír causa dela.

2 – Para tal efecto, unha vez constituídos os órganos de estudo, informe ou consulta e seguemento da xestión aos que se refire o artigo 20 da Lei 7/1985 do 2 de abril, na nova redacción dada pola Lei 11/1999 do 21 de abril, é dicir, as comisións informativas correspondentes, aquela comisión á que lle sexan atribuídos os asuntos de réxime interior, deberá elevar, no prazo dun mes desde a súa constitución, proposta ao Pleno da Corporación sobre a situación de incompatibilidade de cada concelleiro.

3 – Declarada a incompatibilidade polo Pleno, o afectado por tal declaración deberá optar no prazo dos dez días seguintes a aquel no que reciba a notificación da súa incompatibilidade, entre a renuncia á condición de concelleiro ou o abandono da situación que dea orixe á devandita incompatibilidade.

4 – Transcorrido o devandito prazo sen se exercitar a opción, entenderase que o afectado renunciou ao seu posto de concelleiro, debendo declararse polo Pleno corporativo a vacante correspondente e poñer o feito en coñecemento da Administración electoral, para os efectos da expedición da credencial ao candidato ou, se é o caso, ao suplente da mesma lista a quen lle corresponda.

5 – A mesma comisión informará nos supostos de calquera alteración na declaración presentada para os efectos de incompatibilidade polos concelleiros, ou cando se presenten denuncias ó respecto.

Artigo 26 (Modificado: Pleno 04/04/2013)

1 – Os concelleiros terán o deber de asistir ás sesións do Pleno da Corporación e ás das comisións das que formen parte, agás xusta causa que llelo impida, que deberán comunicarlle coa antelación necesaria ao presidente da Corporación.

2 – En todo caso, se se ausentasen do termo municipal por máis de oito días, deberán poñelo en coñecemento do señor alcalde, facéndoo por escrito, ben persoalmente ou a través do voceiro do grupo político, concretando, en calquera caso, a duración previsible da ausencia.

Artigo 27 (Modificado: Pleno 04/04/2013)

Todos os concelleiros teñen a obriga de gardar reserva en relación coas informacións que lles sexan facilitadas para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que lles poida ser facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

En todo caso, deberán respectar a confidencialidade da información a que teñen acceso, se o feito de publicalo pode prexudicar os intereses do concello ou de terceiros.

Artigo 28

1 – Os membros da Corporación están suxeitos a responsabilidade civil e penal polos actos ou omisións realizados no exercicio do seu cargo. As responsabilidades esixiránelles ante os tribunais de xustiza competentes e tramitaranse polo procedemento ordinario aplicable.

2 – Son responsables dos acordos municipais os membros da Corporación que os votasen favorablemente.

3 – A Corporación poderá esixir a responsabilidade dos seus membros, cando por dolo ou culpa grave, causasen danos e perdas á Corporación ou a terceiros, se estes tivesen que ser indemnizados por aquela.

4 – O alcalde poderá sancionar con multa aos membros da Corporación, por falta non xustificada de asistencia ás sesións, ou incumprimento reiterado das súas obrigas, isto de conformidade co previsto no artigo 78.4 da Lei 7/1985 e co límite establecido na disposición adicional única da Lei 11/1999, do 21 de abril, pola que se modifica a Lei 7/1985, de 2 de abril.

Artigo 29

1 – Os concelleiros deberanse abster de participar na deliberación, votación, decisión e execución de calquera asunto se concorren neles algunha das causas ás que se refire a lexislación sobre procedemento administrativo e a de contratos das Administracións Públicas. Nestes casos, o interesado deberá abandonar o salón de sesións unha vez que a Alcaldía-Presidencia lea o punto da orde do día que se vai tratar, e respecto do que el é interesado.

2 - A actuación dos concelleiros nos que concorrán as devanditas causas levará consigo, se foi determinante, a invalidez dos actos nos que interviron.

Artigo 30 (Modificado: Pleno 27/01/2011)

1 – Todos os membros da Corporación, antes de tomar posesión como concelleiros, e como requisito imprescindible, presentarán ante a Secretaría Xeral do concello:

- Declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos.
- Declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas.
- Copia compulsada da última declaración tributaria do Imposto sobre a renda, patrimonio e sociedades, se é o caso.

2 – As declaracións de actividades e de bens, efectuadas obrigatoriamente nos modelos aprobados polo Pleno, e as declaracións tributarias, se presentarán tamén:

- Con ocasión do cesamento no cargo.
- Ao final do mandato.
- Cando se modifiquen as circunstancias de feito.
- Anualmente.

3 – As declaracións presentaranse ante o secretario/a da Corporación, que as asinará na súa calidade de fedatario público municipal, xunto co interesado, facendo constar, igualmente, a data de anotación e número de orde correspondente ao Libro de rexistro de intereses.

De todas as declaracións que se presenten se entregará ao interesado unha copia debidamente dilixenciada.

4 – De conformidade co establecido no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os membros da Corporación respecto dos que, en virtude do seu cargo, resulte ameazada a súa seguridade persoal ou a dos seus bens ou negocios, a dos seus familiares, socios, empregados ou persoas con quen tiveran relación económica ou profesional, poderán realizar a declaración dos seus bens e dereitos patrimoniais ante o secretario/a da Deputación provincial da Coruña ou, se é o caso, ante o órgano competente da Xunta de Galicia, para a súa inscrición no Rexistro Especial de Intereses.

Neste suposto, achegarán ao secretario/a da Corporación, unha certificación simple e sucinta, acreditativa de ter cumprimentadas as súas declaracións, e que estas están inscritas no Rexistro Especial de Intereses, expedida polo funcionario encargado del.

A citada certificación deberá presentarse nos mesmos supostos previstos nas alíneas 1 e 2 do presente artigo.

Artigo 31 (Modificado: Pleno 27/01/2011)

1 – As declaracións formuladas inscribíranse nos Rexistros de Intereses constituídos no Concello de Cambre:

- Libro 1º: Rexistro de Bens Patrimoniais
- Libro 2º: Rexistro de Incompatibilidades e de actividades

2 – Ambos rexistros están residenciados na Secretaría Xeral. A súa custodia e dirección corresponde ao secretario/a da Corporación.

3 – As inscricións en ambos rexistros referiranse a cada declaración formulada por orde correlativa de presentación, e conterán as referencias aos seguintes extremos:

- Número de orde
- Nome e apelidos do declarante
- Causa da declaración, segundo o establecido no artigo 30 de presente regulamento
- Data de presentación ou inscrición no rexistro
- Documento no que se presenta

4 – En canto ás declaracións tributarias que se deberán presentar xunto coa declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades, con ocasión das circunstancias a que se refire o artigo 30 do presente regulamento, se anotará a súa presentación no Libro 1º Rexistro de Bens Patrimoniais, onde se fará constar a natureza da declaración e o exercicio ao que corresponde, e quedarán depositadas como información complementaria ao citado rexistro, do que forman parte.

Artigo 32 (Modificado: Pleno 27/01/2011)

1 – Os rexistros previstos no artigo anterior teñen carácter público. Para o acceso aos datos contidos neles rexerán as seguintes regras:

Calquera cidadán, a título individual ou en representación de persoa xurídica que desexa coñecer as declaracións, deberá presentar no Rexistro xeral ou polos medios do artigo 38 da Lei 30/1992, unha solicitude dirixida ao secretario/a da Corporación, na que se faga constar o nome e apelidos do interesado e, de ser o caso, da persoa que o represente, lugar que sinala para os efectos de notificacións, feitos, razóns e petición na que se indique o nome do membro corporativo sobre cuxa declaración se interesa consulta. No serán admisibles as solicitudes xenéricas.

2 – O secretario/a da Corporación, no prazo de cinco días hábiles desde a presentación do escrito do solicitante, e mediante comparecencia do interesado na propia secretaría municipal, deberá exhibir as declaracións correspondentes.

Tendo en conta o establecido no artigo 33.6 deste regulamento respecto da publicidade das declaracións de bens e actividades presentadas polos membros da Corporación, non se facilitarán copias das declaracións, pero si se poderá entregar certificado dos extremos que se soliciten.

3 – O secretario/a da Corporación informará ao membro corporativo do que se solicite o acceso ao rexistro, da petición formulada e da comparecencia, se é o caso, para o seu coñecemento.

4 – As regras contidas nas alíneas deste artigo son de aplicación aos membros da Corporación.

Artigo 33 (Modificado: Pleno 27/01/2011)

1 – Non se poderá tomar posesión como concelleiro, sen ter presentado a declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, a declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas, obrigatoriamente nos modelos aprobados polo Pleno da Corporación, así como copia compulsada da última declaración tributaria do Imposto sobre a renda, patrimonio e sociedades, de ser o caso. Cando a declaración ou declaracións tributarias presentadas non se correspondan coas do exercicio inmediatamente anterior, deberán presentarse estas na primeira quincena do mes de xullo.

As declaracións presentaranse aínda que xa se presentasen no mandato anterior.

2 – Durante o período de mandato, os concelleiros deberán formular a correspondente declaración no modelo aprobado polo Pleno, no suposto de que se produzan variacións respecto do consignado na declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades ou na declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades, relacionando as alteracións producidas. O prazo para comunicar as citadas variacións será dun mes a contar desde o seguinte a aquel no que se teñan producidas.

3 – Igualmente, os concelleiros deberán presentar as declaracións no prazo de dez días desde o cesamento no cargo.

Cando o suposto sexa por finalización do mandato, o prazo se contará a partir do momento en que os concelleiros cesen no exercicio das súas funcións para a administración ordinaria, por toma de posesión dos seus sucesores.

No suposto de renuncia, desde que se tome coñecemento do escrito de renuncia polo Pleno da Corporación e se declare a vacante.

No suposto de perda da condición de concelleiro por incompatibilidade, desde que se tome coñecemento do escrito de renuncia polo Pleno da Corporación ou desde que o Pleno declare a vacante, segundo se establece no artigo 25.4 do presente regulamento.

No suposto de perda da condición de concelleiro por decisión xudicial, desde que se tome coñecemento polo Pleno da Corporación e se declare a vacante.

4 – A presentación anual das declaracións a que se refire o artigo 30.2 deste regulamento efectuarase durante o mes de xuño.

5 – Cando os señores concelleiros non presenten as declaracións nos prazos establecidos nas alíneas anteriores, o secretario/a da Corporación efectuará o correspondente requirimento, outorgando un novo prazo de quince días, e, de seguir co incumprimento, se dará coñecemento deste feito na primeira sesión do pleno que teña lugar, e se publicará na páxina web municipal.

6 – As declaracións de bens e actividades presentadas polos membros da Corporación publicaranse con carácter anual no mes de xullo, na páxina web municipal, que será de libre acceso.

A mesma publicación levarase a cabo coas declaracións presentadas con ocasión do cesamento no cargo ou ao final do mandato.

Non obstante, para salvagardar a privacidade e seguridade dos membros da Corporación, se omitirán os datos relativos ao domicilio así como á localización dos seus bens.

Artigo 34 (Modificado: Pleno 27/01/2011)

1 – As declaracións inscritas nos Rexistros de Intereses serán arquivadas segundo a orde da súa inscrición, e conservadas e custodiadas como documento do Rexistro de Intereses.

2 – Ao terminar o mandato da Corporación, as declaracións presentadas serán encadernadas e remitidas ao arquivo municipal.

CAPÍTULO III - DA ADQUISICIÓN, SUSPENSIÓN E PERDA DA CONDICIÓ DE CONCELLEIRO

Artigo 35

1 – O concelleiro proclamado electo adquirirá a condición plena de concelleiro polo cumprimento conxunto dos seguintes requisitos:

- a) Presentar na Secretaría Xeral a credencial expedida pola Xunta Electoral de Zona.
- b) Cubrir a súa declaración de bens, incompatibilidades e actividades, para a súa inscrición no Rexistro de Intereses.
- c) Prestar na primeira sesión do Pleno á que asista, o xuramento ou promesa de acatar a Constitución.

Artigo 36

O concelleiro quedará suspendido nos seus dereitos, prerrogativas e deberes municipais, cando unha resolución xudicial firme condenatoria o comporte.

Artigo 37

O concelleiro perderá a súa condición de tal polas seguintes causas:

- 1 – Por decisión xudicial firme que anule a elección ou a proclamación.
- 2 – Por falecemento ou incapacitación, declarada esta por decisión xudicial firme.
- 3 – Por extinción do mandato, sen prexuízo de que continúe nas súas funcións soamente para a administración ordinaria, ata a toma de posesión dos seus sucesores.
- 4 – Por renuncia, que se fará efectiva por escrito ante o Pleno da Corporación, surtindo efectos a renuncia desde a presentación do escrito no Rexistro de Entrada do concello.
- 5 – Por incompatibilidade, nos supostos e nas condicións establecidas na lexislación electoral.

TÍTULO III - DA ORGANIZACIÓN MUNICIPAL

CAPÍTULO I - DOS ÓRGANOS NECESARIOS

Artigo 38

1 – O concello é o órgano de goberno e administración do municipio, con carácter de Corporación de Dereito Público.

2 – Tendo en conta o establecido no artigo 20, alínea 1, letras a), b) e c) e artigo 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 59 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, son órganos necesarios do Concello de Cambre os enumerados a continuación:

- a) O alcalde
- b) Os tenentes de alcalde
- c) O Pleno
- d) A Comisión de Goberno
- e) As Comisións Informativas Permanentes e de seguemento da xestión do alcalde, Comisión de Goberno e concelleiros que exerzan delegación
- f) A Comisión Especial de Contas

3 – Polo que se refire aos órganos contidos nas letras e) e f), e dado o seu carácter de órganos complementarios, aínda que de existencia obrigatoria, inclúese o seu tratamento no capítulo correspondente aos órganos complementarios.

Sección 1ª - Constitución, vixencia e finalización do mandato corporativo

Artigo 39

1 – O terceiro día anterior ao sinalado pola lexislación electoral para a sesión constitutiva dos concellos, os concelleiros cesantes, tanto do Pleno como, se é o caso, da Comisión de Goberno, reuniranse en sesión convocada só para o efecto de aprobar a acta da derradeira sesión realizada.

2 – O secretario e o interventor tomarán as medidas precisas para que o día da constitución da nova Corporación Local, se efectúe un arqueo e estean preparados e actualizados os xustificantes das existencias en metálico ou valores propios da Corporación, depositados na caixa municipal ou entidades bancarias, así como a documentación relativa ao Inventario do patrimonio da Corporación e dos seus organismos autónomos.

Artigo 40

1 – A Corporación constituirase en sesión pública o vixésimo día posterior a aquel no que teñan lugar as eleccións, ás doce horas na Casa do Concello, salvo que se presentase recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, e neste caso constituirase o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.

A convocatoria para a sesión constitutiva efectuarase polo alcalde en funcións coa seguinte orde do día:

- 1º Formación da Mesa de Idade
- 2º Xuramento ou promesa e toma de posesión do cargo de concelleiro
- 3º Elección do alcalde

4º Xuramento ou promesa e toma de posesión do cargo de alcalde

5º Cumprimento do establecido no artigo 36.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro

2 – Para esta finalidade, constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como secretario/a o que o sexa da Corporación.

3 – A Mesa comproba as credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos, baseándose nas certificacións que ao concello remítise a Xunta Electoral de Zona.

Igualmente comprobará que se presentaron polos electos as declaracións sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como a declaración dos seus bens patrimoniais.

A teor do establecido nos artigos 30.1, 32.2, e 35 do presente regulamento, os requisitos de presentación das credenciais e declaracións aos que se fixo referencia, son imprescindibles e, polo tanto, deberanse cumprir para tomar posesión do cargo de concelleiro.

4 – Realizada a operación anterior a Mesa declarará constituída a Corporación se concorre a maioría absoluta dos concelleiros electos. No caso contrario realizarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación, calquera que fose o número de concelleiros presentes. Se por calquera circunstancia non se puidese constituir a Corporación, procede a constitución dunha Comisión Xestora nos termos previstos pola lexislación electoral xeral.

Artigo 41

Dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva, o alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, co fin de resolver sobre os seguintes puntos:

- a) Periodicidade das sesións do Pleno e da Comisión de Goberno
- b) Creación e composición das Comisións Informativas Permanentes, de seguemento e control
- c) Nomeamentos dos representantes da Corporación nos órganos colexiados, que sexan competencia do Pleno
- d) Coñecemento das resolucións do Alcalde en materia de nomeamentos dos tenentes de alcalde, membros da Comisión de Goberno, e presidentes das Comisións Informativas, así como das delegacións que a Alcaldía estime oportuno conferir

Artigo 42

1 – O mandato dos concelleiros é de catro anos, contados a partir da data da súa elección.

2 – Unha vez rematado o seu mandato, os concelleiros cesantes continuarán as súas funcións soamente para a administración ordinaria ata a toma de posesión dos seus sucesores, e en ningún caso poderán adoptar acordos para os que legalmente se requira unha maioría cualificada.

Sección 2ª - O alcalde

Artigo 43

O alcalde é o presidente da Corporación, dirixe o goberno e maila administración municipal, e correspóndelle a presidencia de todos os órganos municipais.

A excepción das sesións do Pleno e da Comisión de Goberno, poderá delegar a presidencia dos demais órganos municipais.

Artigo 44 (Modificado: Pleno 04/04/2013)

1 – De conformidade co establecido no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na nova redacción dada pola Lei 11/1999 do 21 de abril, o alcalde exerce as seguintes atribucións:

- a) Dirixir o goberno e maila administración municipal
- b) Representar ao concello
- c) Convocar e presidir as sesións do Pleno, agás os supostos previstos na Lei e na lexislación electoral xeral, da Comisión de Goberno e de calquera outro órgano municipal, e decidir os empates co voto de calidade
- d) Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais
- e) Ditar bandos
- f) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado, dispor das despesas dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, agás as consideradas no artigo 158.5 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, sempre que aquelas estean previstas no orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o 10 por cento dos seus recursos ordinarios, agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o 15 por cento dos ingresos liquidados no exercicio anterior, ordenar pagamentos e render contas; todo isto de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais
- g) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e mailo cadro de persoal aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas
- h) Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal, e acordar o seu nomeamento e sancións, incluída a separación do servizo dos funcionarios da Corporación e o despedimento do persoal laboral, dándolle conta ao Pleno, nestes dous últimos casos, na primeira sesión que teña lugar. Esta atribución entenderase sen prexuízo do disposto nos artigos 99.1 e 3 da Lei 7/1985
- i) Exercer a xefatura da Policía Municipal
- l) As aprobacións dos instrumentos do planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización
- m) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e maila defensa do concello nas materias propias da súa competencia, incluso cando as delegase noutro órgano, e, no caso de urxencia, en materias da competencia do Pleno, neste suposto dándolle conta a este na primeira sesión que realice para a súa ratificación
- n) A iniciativa para propoñerlle ao Pleno a declaración de lesividade nas materias da competencia da Alcaldía

- ñ) Adoptar persoalmente, e baixo a súa responsabilidade, nos casos de catástrofe ou de infortunio públicos ou grave risco deles, as medidas necesarias e axeitadas, dándolle conta inmediata ao Pleno
- o) Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, salvo nos casos nos que tal facultade lle sexa atribuída a outros órganos
- p) As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada
- q) A aprobación dos proxectos das obras e dos servizos, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento
- r) A adxudicación de concesións sobre os seus bens e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas.
- s) O outorgamento das licenzas, salvo que as leis sectoriais llo atribúan expresamente ao Pleno ou á Comisión de Goberno
- t) Ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos do concello
- u) As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas lle asignen ao municipio e non atribúan a outros órganos municipais

2 – Correspóndelle así mesmo ao alcalde o nomeamento dos tenentes de alcalde.

3 – O alcalde pode delegar o exercicio das súas atribucións, agás as de convocar e presidir as sesións do Pleno e da Comisión de Goberno, decidir os empates co voto de calidade, a concertación das operacións de crédito, a xefatura superior de todo o persoal, a separación do servizo dos funcionarios e o despedimento do persoal laboral, e mailas enunciadas nas alíneas a), e), l), m), n) e ñ) do número 1 deste artigo. Non obstante, poderá delegar na Comisión de Goberno o exercicio das atribucións consideradas na alínea l).

Artigo 45

1 – As decisións do alcalde materializaranse formalmente mediante Resolucións, que lles serán notificadas aos que teñan interese directo e lexítimo.

2 – As resolucións transcribíranse no Libro de Resolucións do alcalde que estará baixo a custodia do secretario/a da Corporación, e que ten o carácter de público, polo que se deberán expedir as certificacións que del fosen solicitadas polos concelleiros ou por calquera outra persoa que teña interese directo.

Artigo 46 (Modificado: Pleno 04/04/2013)

Para os efectos do control e fiscalización dos órganos do goberno por parte do Pleno, atribución prevista no artigo 22.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, dentro da primeira quincena de cada mes, remitirase ós voceiros dos grupos políticos municipais, extracto das Resolucións ditadas polo señor alcalde e os concelleiros con competencias delegadas durante o mes anterior, sen prexuízo de que tódolos concelleiros teñen o dereito a consultar, na Secretaría Xeral e en horario laboral, o Libro de Resolucións.

Artigo 47

O alcalde, nos termos previstos no artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril (artigo 44.3 deste regulamento), poderá efectuar delegacións a prol da Comisión de Goberno, como órgano colexiado, nos tenentes de alcalde, en membros da Comisión de Goberno e a prol de calquera concelleiro, do exercicio das súas atribucións.

Artigo 48

O alcalde pode efectuar delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde e dos concelleiros que sexan membros da Comisión de Goberno.

As delegacións xenéricas, cando se confiran con esta expresión, referiranse a unha ou varias áreas ou materias determinadas e poderán abarcar tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que atinxan a terceiros.

Artigo 49

1 – Poderá tamén o alcalde efectuar delegacións especiais en calquera concelleiro, para a dirección e xestión de asuntos determinados incluídos no artigo anterior. Neste caso, o concelleiro que exerza unha delegación xenérica terá a facultade de supervisar a actuación dos concelleiros con delegacións especiais para cometidos específicos incluídos na súa área.

2 – Estas delegacións especiais poderán ser de dous tipos:

- a) Relativas a un proxecto ou asunto determinado. Neste caso a eficacia da delegación que poderá conter todas as facultades delegables do alcalde, incluída a de emitir actos que atinxan a terceiros, limitarase ao tempo de xestión ou execución do proxecto
- b) Relativas a un determinado servizo, neste caso a delegación comprenderá a dirección interna dos servizos correspondentes, pero non poderá incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, que quedará reservada ao alcalde ou concelleiro con delegación xenérica na correspondente área

Artigo 50

1 – Todas as delegacións serán realizadas mediante resolución do alcalde, que conterá o ámbito dos asuntos aos que se refire a delegación, as facultades ou potestades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercicio delas.

2 – A delegación requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación por parte do concelleiro ou órgano delegado. Enténdese aceptada tacitamente se no termo dos tres días hábiles contados desde a notificación persoal, o concelleiro non fai manifestación expresa perante o alcalde de non aceptar a delegación. Todo isto sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

3 – As delegacións, unha vez aceptadas, entenderanse vixentes mentres non sexan revogadas expresamente ou o órgano delegante avoque para si algún asunto concreto na forma establecida pola Lei 30/1992 do 26 de novembro.

4 – Nos documentos que deban asinar os concelleiros delegados no exercicio da delegación, farase constar a data da resolución da Alcaldía pola que se realizou a delegación.

5 – As delegacións efectuadas a prol da Comisión de Goberno surtirán efecto desde o día seguinte ao da data da resolución, o mesmo que as modificacións posteriores. Isto sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 51

Calquera modificación posterior das delegacións requirirá as mesmas formalidades seguidas para efectuar a delegación, tendo en conta que a modificación será efectiva desde o momento da notificación persoal ao interesado ou posta en coñecemento do órgano delegado.

Artigo 52

Se non se dispón outra cousa, o órgano delegante conservará as seguintes facultades de tutela en relación coa competencia delegada:

- a) A de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos ou disposicións emanados en virtude da delegación
- b) A de ser informado previamente á adopción de decisións de trascendencia
- c) Os actos ditados polo órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante, correspondéndolle a este, en consecuencia, a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer, salvo que na resolución de delegación expresamente se confira a resolución dos recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado

Artigo 53

Ningún órgano poderá delegar nun terceiro as atribucións ou potestades recibidas por delegación doutro órgano.

Artigo 54

Os tenentes de alcalde e mailos concelleiros delegados responderán perante o alcalde do exercicio das facultades delegadas. Por isto deberán comparecer e dar conta da súa xestión cando sexan requiridos polo Pleno ou pola Comisión Informativa correspondente.

Artigo 55

A delegación de atribucións entenderase que é por termo indefinido, salvo que a resolución dispoña outra cousa, ou a temporalidade dela se derive da propia natureza da delegación.

Artigo 56

1 – O alcalde poderá, en calquera momento, revogar a delegación de funcións efectuada na Comisión de Goberno, nos membros da Comisión de Goberno, ou en calquera concelleiro.

2 – A revogación deberase adoptar coas mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento, e surtirá efectos desde o momento da notificación persoal ao interesado, ou posta en coñecemento do órgano delegado.

Artigo 57

1 – O alcalde poderá avocar en calquera momento a competencia delegada segundo a lexislación vixente sobre procedemento administrativo.

2 – No caso de revogar competencias delegadas, o alcalde poderá revisar as resolucións adoptadas polo órgano ou autoridade delegada nos mesmos casos e condicións establecidos para a revisión de oficio dos actos administrativos.

Sección 3ª - Dos tenentes de alcalde

Artigo 58

1 – Os tenentes de alcalde serán libremente nomeados e destituídos polo alcalde de entre os membros da Comisión de Goberno.

2 – O número de tenentes de alcalde non poderá exceder do número de membros da Comisión de Goberno.

3 – Os nomeamentos e mailos cesamentos faranse mediante resolución do alcalde, da que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que se realice, notificándose ademais persoalmente aos designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

4 – O nomeamento requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación polo seu destinatario. Entenderase tacitamente aceptada se no termo dos tres días hábiles contados desde a notificación persoal, o concelleiro non fai manifestación expresa perante o alcalde de non aceptar o nomeamento.

5 – O cesamento ou revogación terá efectividade desde o momento da notificación persoal ao interesado.

Artigo 59

A condición de tenente de alcalde pérdese, ademais de polo cesamento ou revogación:

- a) Por renuncia expresa manifestada por escrito, surtindo efectos a renuncia desde a presentación do devandito escrito no Rexistro de Entrada do Concello
- b) Pola perda da condición de membro da Comisión de Goberno

Artigo 60

1 – Correspóndelles aos tenentes de alcalde en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía, ata que tome posesión o novo alcalde.

2 – Nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do alcalde non poderán ser asumidas polo tenente de alcalde a quen lle corresponda sen expresa delegación na forma sinalada neste regulamento.

A delegación terá efectos desde a data que dispoña a propia resolución, e darase conta ao resto da Corporación mediante comunicación escrita ao voceiro de cada grupo político.

3 – Malia o anteriormente disposto, cando o alcalde se ausente do termo municipal por máis de vinte e catro horas sen conferir a delegación, ou cando por causa imprevista lle resultase imposible

outorgala, substituíralle na totalidade das súas funcións o tenente de alcalde a quen corresponda, dando conta ao resto da Corporación na forma prevista na alínea anterior.

4 – Se durante a realización dunha sesión do pleno ou doutro órgano colexiado, o alcalde tivese que se abster en relación con algún punto concreto dela, substituíralle automaticamente na Presidencia o tenente de alcalde ao que lle corresponda.

Artigo 61

Nos supostos de substitución do alcalde por razóns de ausencia, enfermidade ou impedimento, o tenente de alcalde que asuma as súas funcións non poderá revogar as delegacións que outorgase o primeiro, en virtude do disposto nos artigos 47, 48 e 49 do presente regulamento.

Sección 4ª - Do Pleno

Artigo 62

O Pleno do concello estará integrado polo alcalde, que o preside, e todos os concelleiros, unha vez fosen designados pola Xunta Electoral e tomasen posesión do seu cargo formalmente ante o propio Pleno.

Artigo 63 (Modificado: Pleno 04/04/2013)

1 – De conformidade co establecido no artigo 22 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, na nova redacción dada pola Lei 11/1999 do 21 de abril, correspóndenlle ao Pleno, unha vez constituído consonte co disposto na lexislación electoral, as seguintes atribucións:

- a) O control e maila fiscalización dos órganos de goberno
- b) Os acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais; alteración do termo municipal; creación ou supresión de municipios e das entidades ás que se refire o artigo 45 da Lei 7/1985 do 2 de abril; creación de órganos desconcentrados; alteración da capitalidade do municipio e o cambio de nome deste ou daquelas entidades e maila adopción ou modificación da súa bandeira, emblema ou escudo
- c) A aprobación inicial do planeamento xeral e maila aprobación que poña fin á tramitación municipal dos planes e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística
- d) A aprobación do Regulamento Orgánico e mailas ordenanzas
- e) A determinación dos recursos propios de carácter tributario; a aprobación e modificación dos orzamentos; a disposición das despesas en materias da súa competencia e maila aprobación das contas; todo isto de acordo co disposto na Lei das facendas locais
- f) A aprobación das formas de xestión dos servizos e dos expedientes de municipalización
- g) A aceptación da delegación de competencias feita por outras Administracións Públicas
- h) O planteamento dos conflitos de competencias a outras Entidades Locais e demais Administracións Públicas
- i) A aprobación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo, a fixación da contía das retribucións complementarias fixas e periódicas dos funcionarios e o número e réxime do persoal eventual

- l) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e maila defensa da Corporación nas materias da competencia plenaria
- m) A declaración de lesividade dos actos do concello
- n) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público
- ñ) A concertación das operacións de crédito nas que a súa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo isto de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais
- o) As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos non mencionados no artigo 44.1 p) do presente regulamento, correspondente ás competencias do alcalde
- p) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos
- q) A adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao alcalde, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor
- r) Aquelas outras que deban corresponderlle ao Pleno por esixir a súa aprobación unha maioría especial
- s) As demais que expresamente lle confiran as leis

2 – Perténcelle igualmente ao Pleno a votación sobre a moción de censura ao alcalde e sobre a cuestión de confianza formulada por este, que se rexerá polo disposto na lexislación electoral xeral, artigos 197 e 197 bis da Lei orgánica 8/1999 do 21 de abril, de modificación da Lei orgánica 5/1985 do 19 de xuño do réxime electoral xeral.

3 – O Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no alcalde e na Comisión de Goberno, agás as enunciadas no número 1, letras a), b),c), d), e), f), g), h), i), n) e r) e no número 2 deste artigo.

Artigo 64

1 – A delegación de atribucións do Pleno a prol do alcalde e da Comisión de Goberno, requirirá acordo adoptado por maioría simple do número legal dos membros da Corporación.

2 – O acordo de delegación determinará os asuntos que esta comprenda, as potestades que se deleguen e as condicións concretas do seu exercicio.

3 – O acordo plenario polo que se produza a delegación, producirá efectos legais desde o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Estas regras tamén serán de aplicación ás modificacións posteriores do devandito acordo.

Artigo 65

As delegacións do Pleno no alcalde ou na Comisión de Goberno non quedarán revogadas polo mero feito de se producir un cambio na titularidade da Alcaldía ou na composición concreta da Comisión de Goberno.

Artigo 66

Das resolucións ou dos acordos adoptados polo órgano delegado darase conta ao Pleno na primeira sesión que se realice.

Artigo 67

Élle aplicable ao exercicio das competencias delegadas polo Pleno o previsto nos artigos 52, 53, 55, 56 e 57 do presente regulamento.

Sección 5ª - Da Comisión de Goberno

Artigo 68

1 – A Comisión de Goberno está integrada polo alcalde, que a preside, e un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal deles, nomeados e separados libremente por aquel.

2 – Para os efectos do cómputo non se terán en conta os decimais que resulten de dividir por tres o número total de concelleiros.

Artigo 69

1 – Correspóndelle ao alcalde, mediante resolución, tanto a determinación do número dos membros da Comisión de Goberno, como a designación dos seus compoñentes.

2 – O carácter de membro da Comisión de Goberno é voluntario, así pois, a resolución na que se efectúe a designación requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación por parte do concelleiro designado. Enténdese que hai aceptación tácita do nomeamento se, no prazo dos tres días hábiles contados desde a notificación persoal, o concelleiro non fai manifestación expresa perante o alcalde de que non acepta a designación. Todo isto sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que se realice.

Artigo 70

1 – O alcalde pode destituír libremente, en todo momento, a calquera membro da Comisión de Goberno.

2 – O cesamento terá efectividade desde o momento da notificación persoal ao interesado, isto sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e da debida comunicación ao Pleno e á Comisión de Goberno na primeira sesión que se realice.

Artigo 71

Correspóndelle á Comisión de Goberno:

- a) A asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións. É unha atribución propia e indelegable. Para tal fin, a Comisión de Goberno será informada de todas as decisións do alcalde. Esta información terá carácter previo á adopción da decisión sempre que a importancia do asunto así o requira
- b) As atribucións que o alcalde ou o Pleno lle deleguen ou lle atribúan as leis

Artigo 72

1 – A delegación de competencias polo Pleno e o alcalde na Comisión de Goberno, efectuarase coas formalidades previstas nas seccións anteriores.

2 – En concordancia co previsto no artigo 65 do presente regulamento, a delegación de competencias polo Pleno e o alcalde na Comisión de Goberno, como órgano colexiado, non quedarán revogadas polo mero feito de se producir un cambio na titularidade da Alcaldía ou na composición concreta da Comisión de Goberno.

Artigo 73

O réxime das delegacións do alcalde e do Pleno na Comisión de Goberno é o previsto nas seccións anteriores, artigos 47, 50 ó 57 e 64 deste Regulamento.

Artigo 74

As resolucións adoptadas pola Comisión de Goberno no exercicio das competencias delegadas, terán os mesmos efectos que se fosen tomadas polo órgano que ten a competencia orixinaria, sen prexuízo da súa adopción consonte as regras de funcionamento da Comisión.

CAPÍTULO II - DOS ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS

Artigo 75

1 – Tendo en conta o establecido no artigo 20, alínea 1 letra d) e alínea 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 59, alíneas 3 e 4 , son órganos complementarios do Concello de Cambre os enumerados a seguir:

- a) Os concelleiros-delegados
- b) As Comisións Informativas Permanentes e de seguemento da xestión do alcalde, Comisión de Goberno e concelleiros que exerzan delegacións
- c) A Comisión Especial de Contas
- d) As Comisións Informativas Especiais
- e) A Xunta de Coordinación
- f) A Xunta de Voceiros

Sección 1ª - Dos concelleiros-delegados

Artigo 76

1 – Os concelleiros-delegados son aqueles concelleiros que exercen algunha das delegacións de atribucións do alcalde, segundo prevén os artigos 48 e 49 deste regulamento.

2 – A condición de concelleiro- delegado pérdese nos casos seguintes:

- a) Por renuncia expresa, que deberá ser formalizada por escrito ante a Alcaldía, con efectos desde a súa presentación no Rexistro de Entrada do concello.
- b) Por revogación da delegación, adoptada polo alcalde coas mesmas formalidades previstas para outorgala.
- c) Nas delegacións xenéricas, a perda da condición de membro da Comisión de Goberno levará implícita a revogación da delegación.

Artigo 77

1 – Os concelleiros-delegados terán as atribucións que se especifiquen na respectiva resolución de delegación, e exerceranas de acordo co que nela se prevea, en función dos distintos tipos contemplados nos artigos 48 e 49 deste regulamento, e no marco das regras que alí se establezan.

2 – Se a resolución ou acordo de delegación se refire xenericamente a unha materia ou sector da actividade sen especificación de potestades, entenderase que comprende todas aquelas facultades, dereitos e deberes referidos á materia delegada que corresponden ao órgano que ten asignadas orixinariamente as atribucións, coa soa excepción das que segundo a Lei 7/1985 do 2 de abril, non sexan delegables.

Sección 2ª- Das Comisións Informativas Permanentes e de seguemento da xestión do alcalde, Comisión de Goberno e concelleiros que exerzan delegacións

Artigo 78

1 – De conformidade co establecido no artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, na nova redacción dada pola Lei 11/1999 do 21 de abril, e artigo 68.1 da Lei 5/1997, son órganos necesarios do Concello de Cambre as que ata agora veñen sendo denominadas Comisións Informativas Permanentes.

2 – Defínense como Comisións Informativas Permanentes, aqueles órganos necesarios, sen atribucións resolutivas, nas que participan todos os grupos políticos que integran a Corporación, e que teñen por obxecto:

- a) O estudo, informe ou consulta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno, salvo cando se trate de sesións extraordinarias urxentes, ou de mocións, así como daqueles asuntos que se deban someter á decisión da Comisión de Goberno cando actúe por delegación do Pleno (artigo 68.2 da Lei 5/1997)
- b) O informe daqueles asuntos da competencia propia ou delegada da Comisión de Goberno, ou do alcalde, que lle sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión daqueles
- c) O seguemento da xestión do alcalde, a Comisión de Goberno e os concelleiros que exerzan delegacións, isto sen prexuízo das competencias de control que lle corresponden ao Pleno

Artigo 79

1 – As Comisións Informativas Permanentes constituiranse, con carácter xeral, distribuíndo entre elas as materias que se deben someter ao Pleno.

2 – O seu número e denominación iniciais, decidirase mediante acordo adoptado polo Pleno, por proposta do alcalde, tal e como se establece, e na sesión ou sesións extraordinarias ás que se refire o artigo 41 do presente regulamento, procurando, no posible, que se correspondan co número e denominación das grandes áreas nas que se estruturan os servizos corporativos. Calquera variación delas durante o mandato corporativo requirirá acordo plenario ao respecto.

Artigo 80

1 – No acordo de creación das comisións informativas determinarase, por maioría simple, a composición concreta delas, tendo en conta as seguintes regras:

- a) O alcalde é o presidente nato de todas elas, non obstante, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, isto a teor do establecido no artigo 44.3

deste regulamento. A delegación realizarase mediante resolución que lle será notificada ao interesado, entendéndose aceptada tacitamente se no prazo dos tres días hábiles contados desde a notificación persoal, o concelleiro non fai manifestación expresa perante o alcalde de que non acepta a delegación. Todo isto sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que se realice. En todo caso, o presidente efectivo conservará o voto de calidade, para a resolución dos empates.

- b) Cada comisión estará integrada de xeito que a súa composición se axuste á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación, ou por igual número para cada grupo. Neste último caso aplicarase o sistema do voto ponderado.
- c) A adscrición concreta a cada comisión dos membros da Corporación que deban formar parte dela, en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro dirixido ao alcalde e presentado no Rexistro de Entrada do concello. Poderá designarse, do mesmo xeito, un suplente por cada titular. O devandito escrito presentarase no prazo dos cinco días hábiles contados desde a sesión plenaria na que se adoptou o acordo de creación das comisións informativas ou, de se levar a creación, composición e designación a un único pleno, os cinco días contarase desde o requirimento que, para tal efecto, se formule polo señor alcalde a todos os voceiros dos grupos políticos.

Sección 3ª - Da Comisión Especial de Contas

Artigo 81

1 – A Comisión Especial de Contas estará constituída polos membros dos distintos grupos políticos da Corporación.

2 – O número dos membros será proporcional ao da súa representatividade no concello, ou igual para cada grupo. Neste último caso, aplicarase o sistema de voto ponderado.

3 – Constituirase, integrarse e funcionará do mesmo xeito que as demais comisións informativas permanentes.

Artigo 82

1 – Correspóndelle á Comisión Especial de Contas o exame, o estudo e mailo informe da Conta Xeral e das demais contas anuais.

2 – Para o correcto exercicio das súas funcións, a Comisión poderá requirir, a medio do alcalde, a documentación complementaria que considere precisa e a presenza dos membros e funcionarios da Corporación especialmente relacionados coas contas que se analicen.

3 – Mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación que así o estableza, a Comisión Especial de Contas poderá actuar como Comisión Informativa Permanente nos asuntos referidos á economía, facenda e outras que se lle puidesen encomendar.

Artigo 83

As competencias da Comisión Especial de Contas entenderanse sen prexuízo das que lles correspondan ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, de conformidade coa súa lexislación específica.

Sección 4ª - Das Comisi3ns Informativas Especiais

Artigo 84

1 – Denomínanse Comisi3ns Informativas Especiais as que o Pleno acorde constituír con carácter temporal, para o estudo, informe ou consulta dalg3n aspecto concreto, específcico, considerando as súas características especiais de calquera tipo, isto de conformidade co establecido no artigo 68.4 da Lei 5/1997.

2 – Estas comisi3ns extínguense automaticamente unha vez ditaminasen ou informasen sobre o asunto que constituíe o seu obxecto, salvo que o acordo plenario que as creou dispoña outra cousa.

Artigo 85

Para o acordo de creaci3n estarase ao establecido no artigo 80 do presente regulamento.

Sección 5ª - Da Xunta de Coordinaci3n

Artigo 86

A xunta de coordinaci3n poder3 constituírse por proposta do alcalde-presidente, mediante acordo adoptado para o efecto polo Pleno da Corporaci3n por maioría simple.

Artigo 87

1 – A xunta de coordinaci3n estar3 integrada polo alcalde, que a presidirá, ou concelleiro no que delegue, polos presidentes das comisi3ns informativas e por todos os concelleiros que ostenten delegaci3ns, sexan xenéricas ou especiais, a teor do previsto nos artigos 48 e 49 do presente regulamento.

2 – É un 3rgano sen atribuci3ns resolutivas, que ten por obxecto:

- a) A debida harmonía e coordinaci3n nas liñas de actuaci3n e decisi3ns que adopten os concelleiros delegados respecto das áreas, materias, proxectos ou servizos que dirixen e xestionan, establecendo pautas e directrices com3ns, co fin de acadar un paralelismo na súa actuaci3n que garanta unha maior eficacia das decisi3ns adoptadas e, por isto, a consecuci3n do interese xeral municipal.
- b) A efectiva harmonía e coordinaci3n das comisi3ns informativas, co fin de lograr unha maior operatividade e unidade de criterio nas súas actuaci3ns, que redunde nunha maior eficacia na consecuci3n do interese xeral.

Artigo 88

1 – No acordo de constituici3n da xunta de coordinaci3n poder3 determinarse a periodicidade das reuni3ns con carácter ordinario, establecéndose se é o caso a hora e días. Neste suposto non se requirirá convocatoria previa.

2 – Reunirase con carácter extraordinario cando así a convoque o alcalde, mediante resoluci3n, que será debidamente notificada.

Sección 6ª - Da Xunta de Voceiros

Artigo 89 (Modificado: Pleno 04/04/2013)

1 – A xunta de voceiros está integrada polo alcalde, que a presidirá, o concelleiro no que delegue, e polos voceiros ou suplentes dos grupos municipais constituídos.

2 – É un órgano de consulta e negociación política que ten por obxecto:

- a) Informar sobre a orde do día antes da resolución do alcalde.
- b) Asistir e asesorar ao alcalde en asuntos concretos de interese xeral, cando o considere necesario.

3 – A xunta de voceiros adoptará as súas decisións mediante voto ponderado

Artigo 90

Poderá constituírse, por proposta do alcalde-presidente, mediante acordo adoptado para o efecto polo Pleno da Corporación, por maioría simple.

Artigo 91 (Modificado: Pleno 04/04/2013)

1 – A xunta de voceiros reunirse, con carácter obrigatorio, antes da celebración das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno.

No acordo do pleno de organización poderá determinarse a periodicidade das reunións con carácter ordinario, establecéndose se é o caso horas e días. Neste suposto non se requirirá convocatoria previa.

2 – Reunirse con carácter extraordinario cando así a convoque o alcalde, ben a iniciativa propia, ben a instancia dun grupo municipal, notificándose a resolución telefonicamente, por fax, ou por calquera outro medio electrónico acordado pola propia xunta.

TÍTULO IV – DO FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

CAPÍTULO I – FUNCIONAMENTO DO PLENO

Sección 1ª - Clases de sesións e requisitos previos á súa realización

Artigo 92

As sesións do Pleno do concello poden ser de tres tipos:

- Ordinarias
- Extraordinarias
- De carácter urgente

Artigo 93

1 – Son sesións ordinarias aquelas das que a súa periodicidade está preestablecida. A devandita periodicidade será fixada por acordo do propio Pleno, adoptado en sesión extraordinaria, que deberá convocar o presidente, dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva do concello, tal e como

se establece no artigo 41 do presente regulamento, e non poderá exceder do límite dos dous meses ao que se refire o artigo 210.2.a) da Lei 5/1997.

2 – No acordo do Pleno estableceranse os días e horas nos que terán lugar as devanditas sesións, que poderán ser modificadas en calquera momento posterior por novo acordo plenario.

Igualmente o alcalde, por propia iniciativa ou por pedimento da Xunta de Voceiros, por causa xustificada, poderá variar o día ou a hora dalgunha sesión, arredándoa só o indispensable do día fixado polo Pleno. A resolución que se adopte ao respecto seralles notificada aos voceiros e publicarase no taboleiro de anuncios coa maior anticipación posible.

Artigo 94 (Modificado: Pleno 04/04/2013)

1 – As sesións extraordinarias convócanse polo alcalde con tal carácter a iniciativa propia ou por pedimento da cuarta parte, cando menos, do número legal dos membros da Corporación, sen que ningún concelleiro poida solicitar máis de tres anualmente. Tal solicitude deberase facer por escrito no que se razoe o asunto ou asuntos que a motiven, asinado persoalmente por todos os concelleiros que a subscriben e acompañado de todos os documentos que sirvan de antecedentes para poder adoptar a proposta ou propostas de decisións que se formulen, e que deberán estar ao dispor dos concelleiros desde o momento da convocatoria.

No suposto de que a solicitude adolecese dalgún defecto de forma ou non estivese acompañada dos documentos aos que se fai referencia no epígrafe primeiro desta alínea, concederase un prazo de dous días para a emenda, e de non se cumprir, o alcalde deberá, no prazo dos catro días seguintes ao requirimento da emenda, ditar Resolución motivada pola que se efectúe ou se denegue a convocatoria.

Contra a denegación expresa da solicitude da convocatoria, poderán interpoñerse polos interesados os correspondentes recursos, sen prexuízo de que a Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma respectiva poidan facer uso das facultades ás que se refire o artigo 65 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

2 – A convocatoria da sesión extraordinaria a instancia dos membros da Corporación deberase efectuar dentro dos catro días hábiles seguintes ao pedimento, salvo cando se deba emendar algún defecto na solicitude ou falta de documentación, que se contará desde o requirimento para a emenda, e a realización non poderá demorarse por máis de quince días hábiles desde que o escrito tivese entrada no Rexistro xeral, non podendo incorporarse o asunto á orde do día dun pleno ordinario ou doutro extraordinario con máis asuntos se non o autorizan expresamente os solicitantes da convocatoria.

3 – Se o alcalde non convocase o pleno extraordinario solicitado polo número de concelleiros indicado, dentro do prazo sinalado, quedará automaticamente convocado para o décimo día hábil seguinte ao do remate do devandito prazo, ás doce horas, o que será notificado polo secretario/a da Corporación a todos os membros dela o día seguinte do remate do prazo citado anteriormente. En ausencia do alcalde ou de quen legalmente o substitúa, o pleno quedará validamente constituído sempre que asistan á sesión un terzo do número legal dos membros del, sendo neste caso presidido polo membro da Corporación de maior idade entre os presentes.

Artigo 95

1 – Son sesións extraordinarias de carácter urxente as convocadas polo alcalde cando a urxencia do asunto ou asuntos que hai que tratar non permitan convocar a sesión extraordinaria coa antelación mínima dos dous días hábiles esixida pola Lei 7/1985 do 2 de abril.

2 – Neste caso, ademais de que a convocatoria deberá ser motivada, debe incluírse como primeiro punto da orde do día o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia de todos os asuntos incluídos na convocatoria. Se esta non resulta apreciada por maioría simple del, levantarase de seguido a sesión.

Artigo 96 (Modificado: Pleno 04/04/2013)

1 – O Pleno realizará as súas sesións na Casa do Concello, agás os supostos de forza maior nos que, a través da convocatoria ou dunha resolución do alcalde ditada previamente e notificada a todos os membros da Corporación, poderase habilitar outro edificio ou local para tal efecto. En todo caso, farase constar na acta esta circunstancia. Verificadas en distinto lugar, as sesións serán nulas.

2 – En lugar preferente do Salón de sesións estará colocada a efíxie de S.M. El-Rei.

3 – O pleno celebrarase preferentemente no serán salvo en caso de extraordinaria urxencia, que terá que ser motivada na resolución da convocatoria

Artigo 97 (Modificado: Pleno 30/03/2017)

1 – Correspóndelle ao alcalde convocar todas as sesións do pleno. Só a convocatoria das sesións extraordinarias urxentes, deberá ser motivada.

2 – Á convocatoria das sesións achegarase a orde do día comprensiva dos asuntos que se van tratar co suficiente detalle, e mailos borradores das actas das sesións anteriores que deban ser aprobadas na sesión.

3 – A convocatoria, orde do día e borradores das actas do pleno e órganos colexiados, e as notificacións doutros actos normativos que deban practicarse aos concelleiros no exercicio do seu cargo, levaranse a cabo por medios electrónicos, iso de conformidade co establecido no artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para tal efecto, os concelleiros facilitarán o enderezo de correo electrónico no que desexen ser notificados. No suposto de que non faciliten ningún, serán notificados nunha conta de correo electrónico institucional que asignará o Concello ao grupo político municipal ou aos concelleiros non adscritos, no seu caso.

4 – Entre a convocatoria e a realización da sesión, non poderán transcorrer menos de dous días hábiles, contados desde a notificación, agás no caso das sesións extraordinarias urxentes.

Artigo 98 (Modificado: Pleno 30/03/2017)

1 – A convocatoria para unha sesión, ordinaria ou extraordinaria, dará lugar á apertura do correspondente expediente, no que deberá constar:

- a) A relación dos expedientes concluídos que a Secretaría prepare e poña ao dispor da Alcaldía.
- b) A fixación da orde do día polo alcalde.
- c) Xustificante da remisión dos correos electrónicos aos concelleiros, xunto coa copia da notificación efectuada.
- d) Copia do anuncio no taboleiro de edictos do concello.
- e) Minuta da acta.
- f) Copias dos oficios de remisión dos acordos adoptados ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

g) Publicación dos acordos no taboleiro de edictos.

2 – Sendo preceptiva a notificación aos concelleiros das correspondentes ordes do día, a notificación aos concelleiros enténdese practicada cos xustificantes da remisión dos correos electrónicos, copia da notificación efectuada, e coa pertinente confirmación da lectura que deberán efectuar os concelleiros.

Artigo 99 (*Modificado: Pleno 04/04/2013 e Pleno 30/03/2017*)

1 – A orde do día das sesións será fixada polo alcalde asistido da Secretaría, e logo do informe consultivo da Xunta de Voceiros. Así mesmo, poderá recabar a asistencia dos membros da Xunta de Goberno Local.

2 – Para a inclusión dos asuntos na orde do día do pleno será necesario que teñan sido previamente ditaminados pola comisión informativa correspondente. Non será necesario ditame previo da comisión informativa no suposto de convocatoria de plenos extraordinarios urxentes ou da inclusión na orde do día dos plenos ordinarios de mocións de carácter non resolutivo [artigo 115.1 b) e artigo 125 do presente regulamento].

3 – De conformidade co anterior, os expedientes deberán estar concluídos e entregados na Secretaría da Corporación, cunha antelación, polo menos cun día de antelación á data prevista para a convocatoria .

O secretario/a, neste prazo, someterao á consideración do alcalde para a súa inclusión, se é procedente, na orde do día das comisións informativas e do pleno.

4 – Nas sesións ordinarias poderán tratarse, por razóns de urxencia, asuntos non comprendidos na orde do día que se achegaba á convocatoria e que non teñan cabida no punto de rogos e preguntas. Non obstante, requirirase que o Pleno, por maioría absoluta, ratifique a declaración da urxencia e, polo tanto, a procedencia do seu debate. Refírese este punto ás mocións e propostas definidas no artigo 115.1.c) do presente regulamento.

5 – Tendo en conta o establecido no artigo 46.2.e) da Lei 7/1985 do 2 de abril, na nova redacción dada pola Lei 11/1999, nos plenos ordinarios incluíranse sempre os puntos de mocións, rogos e preguntas. Refírese este punto aos rogos e preguntas definidas no artigo 115.1.f) e g) do presente regulamento, e ás mocións definidas no artigo 125.2 do presente regulamento.

Artigo 100

Serán nulos os acordos adoptados en sesións extraordinarias sobre asuntos non comprendidos na súa convocatoria, así como os que se adopten en sesións ordinarias sobre materias non incluídas na respectiva orde do día, salvo especial e previa declaración da urxencia feita polo Pleno, co voto favorable da maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación.

Artigo 101 (*Modificado: Pleno 30/03/2017*)

1 – Toda a documentación dos asuntos incluídos na orde do día que debe servir de base e, se é o caso, votación, deberá estar ao dispor dos concelleiros dende o mesmo día da convocatoria na Secretaría da Corporación, en horario de 8:00 da mañá ata as 15:00 horas, isto sen prexuízo de que, para facilitar o seu coñecemento polos concelleiros, dende a Alcaldía, mediante medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, se lles remitan as propostas de acordo que se formulen e os documentos máis relevantes, incluíndo os informes técnicos e xurídicos que integran o expediente.

2 – Calquera concelleiro poderá, en consecuencia, examinala e mesmo obter copias de documentos concretos que a integren, pero os orixinais non poderán saír do lugar no que se atopen postos de manifesto. Non obstante, poderanse examinar igualmente no salón de sesións da Casa do Concello.

Artigo 102

1 – As convocatorias das sesións, as ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo e ditames das comisións de estudo, informe ou consulta redactaranse en lingua galega, sen prexuízo de que se redacten, ademais, en castelán.

2 – Nos debates utilizarase a lingua galega, sen prexuízo de poder utilizar o castelán.

Artigo 103 (Modificado: Pleno 04/04/2013)

1 – Toda sesión, ordinaria ou extraordinaria, deberá respectar o principio de unidade de acto, polo que se deberá levantar dentro do mesmo día en que se iniciase. Non obstante, poderase alongar, con carácter excepcional, a criterio da Alcaldía-Presidencia.

2 – Os asuntos incluídos na orde do día que non puidesen ser debatidos e resoltos, deberanse incluír na orde do día da seguinte sesión que se realice, ordinaria ou extraordinaria.

3 – Durante o transcurso da sesión, a proposta do alcalde ou a instancia de calquera dos grupos municipais presentes, interromperase por un tempo non superior a dez minutos, co fin de permitir as deliberacións dos grupos por separado ou en conxunto sobre a cuestión debatida, ou para descanso dos debates. Cada grupo terá dereito a formular unha única interrupción por pleno.

Artigo 104

1 – Serán públicas as sesións do Pleno. Non obstante, poderá ser secreto o debate e maila votación daqueles asuntos que poidan atinxir ao dereito fundamental dos cidadáns ao que se refire o artigo 18.1 da Constitución Española, cando así se acorde por maioría absoluta.

2 – Para ampliar a difusión auditiva ou visual do desenvolvemento das sesións, poderanse instalar sistemas megafónicos ou circuitos pechados de televisión.

3 – O público asistente ás sesións non poderá intervir nestas, nin tampouco poderán permitirse manifestacións de agrado ou desagrado, puidendo o presidente proceder, en casos extremos, á expulsión do asistente que por calquera causa impida o normal desenvolvemento da sesión. Sen prexuízo disto, unha vez levantada a sesión, a Alcaldía-Presidencia pode establecer unha rolda de consultas polo público asistente sobre temas concretos de interese municipal.

Artigo 105

Os membros da Corporación tomarán asento no salón de sesións unidos ao seu grupo. A orde de colocación dos grupos determinarase polo alcalde, oídos os voceiros, tendo preferencia o grupo formado polos membros da lista que obtivese maior número de votos. En calquera caso, a colocación dos membros corporativos tenderá a facilitar a emisión e recuento dos votos.

Artigo 106

1 – Para a válida constitución do pleno requírese a asistencia dun terzo do número legal dos membros da Corporación. Este quórum deberase manter durante toda a sesión.

En todo caso requírese a asistencia do alcalde e do secretario/a da Corporación, ou de quen legalmente os substitúa.

2 – A ausencia dun ou de varios concelleiros, unha vez iniciada a deliberación do asunto, equivale á abstención na votación, salvo que se incorpore a tempo de emitir o seu voto. Entenderase iniciada a deliberación:

- De se producir debate con intervencións dun ou varios concelleiros.
- Se ninguén pedise a palabra nin fixese uso dela o alcalde, cando rematase a lectura da proposta do acordo do asunto correspondente á orde do día.

3 – Se en primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto na alínea 1ª, entenderase convocada automaticamente a sesión á mesma hora, dous días despois. Se tampouco entón acadase o quórum necesario, o alcalde deixará sen efecto a convocatoria, pospoñendo o estudo dos asuntos incluídos na orde do día para a primeira sesión que se realice con posterioridade, sexa ordinaria ou extraordinaria.

Artigo 107

1 – O disposto anteriormente enténdese sen prexuízo de que, cando os asuntos incluídos nunha sesión, ou algún deles, esixan un número especial de concelleiros para os efectos do quórum de votación, se estará ao disposto no artigo 108.4 do presente regulamento e se reiterarán as convocatorias do pleno tantas veces como fose necesario ata acadar o devandito quórum.

Sección 2ª - Dos debates

Artigo 108 (Modificado: Pleno 27/12/2007 e Pleno 04/04/2013)

1 – A orde na que se deben tratar os asuntos é a seguinte:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ou sesións anteriores.
2. Parte resolutiva
 - 2.1. Asuntos incluídos na orde do día, obxecto de ditame polas comisións informativas
 - 2.2. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día
3. Parte declarativa
 - 3.1. Declaracións institucionais
 - 3.2. Mocións dos grupos municipais
4. Parte de información, control e fiscalización
 - 4.1. Informes do equipo de goberno
 - 4.2. Rogos
 - 4.3 Preguntas

2 – Así pois, as sesións comezarán preguntando o presidente se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á acta da sesión anterior que se distribúese coa convocatoria. Se non houberse observacións, considerarase aprobada. Se as houberse, debatiranse e decidiranse as rectificacións que fosen procedentes.

En ningún caso poderase modificar o fondo dos acordos adoptados e só caberá emendar os meros erros materiais ou de feito.

Ao reseñar, en cada acta, a lectura e aprobación da anterior, consignaranse as observacións e rectificacións practicadas.

3 – Todos os asuntos debateranse e votaranse pola orde na que estivesen relacionados na orde do día.

4 – En todo caso o alcalde respectará a orde do día do pleno sen realizar modificación ningunha, a menos que a súa petición neste sentido veña apoiada pola metade máis un, como mínimo, dos concelleiros presentes no pleno. O alcalde poderá retirar un asunto da orde do día cando a súa aprobación esixise unha maioría especial e esta non existise no momento de se constituír o pleno.

5 – Nas sesións ordinarias, concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á parte declarativa, o presidente preguntará se algún grupo político ou membro da Corporación, no seu caso, desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que se achegaba á convocatoria, relativo a algunha das atribucións que ten conferidas como propias segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Se así fose, o voceiro do grupo ou membro da Corporación propoñente xustificará a urxencia da moción e o pleno votará, acto seguido, sobre a procedencia do seu debate. Se o resultado da votación fose positivo, por maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, seguirase o procedemento previsto no artigo 110 e seguintes deste Regulamento.

O disposto nesta alínea non será de aplicación, en ningún caso, ás mocións de censura, das que a súa tramitación, debate e votación se rexerán polo disposto no artigo 128 deste regulamento.

Artigo 109

1 – Calquera concelleiro poderá pedir, durante o debate, a retirada dalgún expediente incluído na orde do día, para o efecto de que se lle incorporen documentos ou informes, e tamén que o expediente quede encol da mesa, aprazándose a súa discusión para a seguinte sesión. En ambos os dous casos, a petición será votada, logo de rematar o debate e antes de proceder á votación sobre o fondo do asunto. Se a maioría simple votase a prol do pedimento, non haberá lugar a votar a proposta do acordo.

2 – No suposto de que se trate de asuntos non incluídos na orde do día que requiran informe preceptivo da Secretaría ou da Intervención, se non o puidesen emitir no mesmo acto, deberán solicitar do presidente que se aprace o seu estudo, quedando encol da mesa ata a próxima sesión.

Cando o devandito pedimento non fose atendido, o secretario/a farao constar expresamente na acta.

Artigo 110

1 – A consideración de cada punto incluído na orde do día comezará mediante a exposición do asunto polo alcalde-presidente, quen o poderá delegar no voceiro do grupo municipal gobernante, ou no concelleiro-delegado, segundo o tema de que se trate, ou solicitarlle ao secretario/a que proceda, sen máis, a ler o ditame formulado pola comisión informativa correspondente. Por pedimento de calquera grupo, deberase dar lectura íntegra a aquelas partes do expediente ou do ditame que se considere conveniente para a súa mellor comprensión.

No suposto de propostas ou mocións presentadas polos grupos políticos, a exposición farase polo voceiro do grupo propoñente, ou polo concelleiro en quen delegue, segundo o previsto no artigo 9.2 do presente regulamento, ou por delegación efectuada no propio acto.

2 – Se ninguén solicitase a palabra trala lectura, o asunto someterase directamente a votación.

Artigo 111

1 – De se promover debate, as intervencións serán ordenadas polo señor alcalde ou presidente, consonte as seguintes regras:

- a) Só se fai uso da palabra logo da autorización do alcalde ou presidente.

- b) O goberno municipal poderá facer uso dunha primeira rolda de explicación dos ditames ou propostas antes de se iniciar o debate dos asuntos cando así o estime oportuno.
- c) No debate, os diversos grupos consumirán unha primeira rolda. No suposto de que por un grupo político, ademais de intervir o voceiro, interveñan tamén outros concelleiros, deberanse repartir o tempo, de xeito que non se poidan exceder do máximo sinalado.
- d) Quen se considere aludido por unha intervención, poderá solicitar do alcalde ou presidente que se conceda unha rolda por alusións, que será breve e concisa.
- e) Se o solicitase algún grupo, procederase a unha segunda rolda. Consumida esta, o alcalde ou presidente pode dar por rematada a discusión, que se pechará cunha intervención do propoñente, na que brevemente ratificará ou modificará a súa proposta.
- f) Non se admitirán outras intervencións que as do alcalde ou presidente para chamar á orde ou á cuestión debatida.

O alcalde-presidente velará para que todas as intervencións teñan unha duración igual.

2 – Os membros da Corporación poderán en calquera momento do debate pedir a palabra para formular unha cuestión de orde, invocando para o efecto a norma da que reclama a súa aplicación. O presidente resolverá o que sexa procedente sen que por este motivo se principie debate ningún.

3 – O secretario e mailo interventor poderán intervir cando fosen requiridos polo presidente por razóns de asesoramento técnico ou aclaración de conceptos. Cando os devanditos funcionarios entendan que no debate se formulou algunha cuestión sobre a que se poida dudar sobre a súa legalidade ou puidese ter implicacións económicas, poderán solicitarlle ao presidente o uso da palabra para asesorar á Corporación.

Artigo 112

1 – Nas deliberacións poderá intervir cada grupo municipal mediante o voceiro ou mediante outros membros, consumindo rolda no primeiro lugar o grupo maioritario, despois os minoritarios e en derradeiro termo o grupo mixto.

No suposto de que dous ou máis grupos tivesen o mesmo número de concelleiros, intervirá primeiro o voceiro ou concelleiro do grupo que obtivese nas eleccións un maior número de votos, e así sucesivamente.

2 – A intervención normal de cada grupo non excederá de cinco minutos. Non obstante, naqueles temas que pola súa importancia ou complexidade así o requiran, e por pedimento de calquera voceiro, o presidente notificaralle ao pleno a duración das intervencións antes de comezaren estas.

3 – No suposto de que se concedese unha segunda rolda, terá unha duración máxima de tres minutos por cada grupo.

4 – A duración máxima da rolda por alusións será de dous minutos.

5 – O tempo que lle corresponda ao grupo mixto poderase repartir por igual entre os representantes das listas que o integren.

6 – O presidente poderá acordar, durante o transcurso da sesión, que se interrompa esta para permitir as deliberacións dos grupos sobre a cuestión debatida ou para descanso dos debates. Estas interrupcións non terán duración superior a dez minutos.

Artigo 113

1 – O alcalde poderá chamar á orde a calquera membro da Corporación que:

- a) Profira palabras ou verta conceptos ofensivos á dignidade da Corporación ou dos seus membros, das institucións públicas ou de calquera outra persoa ou entidade.
- b) Produza interrupcións ou de calquera outro xeito altere a orde das sesións.
- c) Pretenda facer uso da palabra sen que lle fose concedida ou unha vez que lle fose retirada.

2 – Logo de tres chamadas á orde na mesma sesión (ou dúas chamadas á orde no debate dun mesmo asunto), coa advertencia na segunda, das consecuencias dunha terceira chamada, o presidente poderá ordenarlle a un concelleiro que abandone o local no que se estea a realizar a reunión, adoptando as medidas que considere oportunas para facer efectiva a expulsión, auxiliándose, se é o caso, da Policía Municipal.

3 – No caso de que o concelleiro se negase a abandonar o pleno, e co fin de evitar liortas, o alcalde-presidente poderá ordenar que continúe a sesión, considerando expulsado ao concelleiro afectado, sen que se recollan na acta as posibles intervencións que efectúe desde o momento no que se lle considerou expulsado, sen que, por outra banda, poida votar.

4 – O alcalde-presidente poderá optar tamén, por impoñerlles sancións económicas aos concelleiros que non respecten o establecido neste artigo, sen que exceda a devandita multa do máximo establecido na disposición adicional única da Lei 11/1999, de modificación da Lei 7/1985.

Artigo 114

Nos supostos nos que, de conformidade co establecido no artigo 76 da Lei 7/1985, algún membro da Corporación se deba abster de participar na deliberación e votación, deberá abandonar o salón mentres se discuta e vote o asunto, agás que se trate de debater a súa actuación como corporativo, en que terá dereito a permanecer e defenderse.

Artigo 115 (Modificado: Pleno 27/12/2007, Pleno 04/04/2013 e Pleno 30/03/2017)

1 – Para os efectos do desenvolvemento das sesións e para definir o carácter das intervencións dos membros da Corporación, utilizarase a seguinte terminoloxía:

- a) **Ditame:** é a proposta sometida ao Pleno tralo estudo do expediente pola comisión informativa. Contén unha parte expositiva e un acordo que se deba adoptar.
- b) **Proposición:** é a proposta que se somete ao Pleno relativa a un asunto incluído na orde do día do pleno extraordinario urxente, que se achega á convocatoria, respecto do que non se esixe o ditame previo da comisión informativa correspondente, tal e como se establece no artigo 99.2 do presente regulamento.

Conterá unha parte expositiva ou xustificación e un acordo ou acordos que se deban adoptar.

Non procederá entrar a debater nin votar unha proposición sen que previamente o Pleno, por maioría simple, ratifícase a súa inclusión na orde do día.

- c) **Moción:** Son mocións de urxencia as propostas que por iniciativa dos órganos de goberno municipal, de calquera dos grupos municipais, ou dun membro da Corporación, sométese directamente ao coñecemento, consideración e votación do Pleno nun asunto da súa competencia, segundo as atribucións que ten conferidas como propias en virtude do establecido no artigo 22 da Lei 7/1985 (artigo 63 do ROM). As mocións carecerán da eficacia precisa para a adopción inmediata de acordos que esixan informes técnicos, económicos ou xurídicos, necesarios para garantir a oportunidade, posibilidade ou legalidade do acordo a adoptar.

Teñen tamén a consideración de mocións urxentes, aquelas propostas que teñan por obxecto o pronunciamento do Pleno sobre a necesidade de iniciar determinadas actuacións en asuntos da súa competencia. Neste suposto a moción, unha vez aprobada, servirá de resolución de incoación de oficio dun expediente que, trala súa instrución, se someterá á comisión informativa competente para que eleve o seu ditame á Corporación.

Para ser tratados requírese que o voceiro ou membro da Corporación propoñente xustifique a urxencia e que o Pleno, por maioría absoluta, ratifique a declaración de urxencia e, polo tanto, a procedencia do seu debate.

As mocións formularanse mediante escrito dirixido ó Alcalde, e conterán unha parte expositiva ou xustificación, e proposta de acordo ou acordos que se deban adoptar.

Deberanse presentar no Rexistro de Entrada cunha antelación de tres días á sesión do Pleno onde se vaian tratar, e entregaránselles, o máis axiña posible, aos voceiros dos grupos municipais e aos concelleiros non adscritos, no seu caso, por medios electrónicos.

Malia o anterior, e cando a propia urxencia do asunto que hai que tratar non permita formular a moción por escrito e coa antelación establecida, poderase formular oralmente ante a Corporación.

As mocións poden ser individuais, as que presente un só grupo municipal ou un membro da Corporación, ou conxuntas, cando sexan asinadas por dous ou máis grupos ou concelleiros. Cada grupo ou concelleiro poderá presentar ata un máximo de tres mocións individuais por pleno. As mocións conxuntas non estarán suxeitas a límite.

De seren varias as mocións presentadas, e por distintos grupos políticos, trataranse en primeiro lugar as do grupo máis representativo en relación coa composición da Corporación e así sucesivamente ata concluír co grupo mixto e concelleiros non adscritos. Se varios grupos tivesen o mesmo número de concelleiros, darase preferencia á lista máis votada, e o mesmo no suposto dos concelleiros non adscritos.

d) **Voto particular:** é a proposta de modificación dun ditame formulada por un membro que forma parte da comisión informativa. Deberá achegarse ao ditame desde o día seguinte á súa aprobación pola comisión, e presentarse a través do Rexistro de Entrada.

Unha vez debatido o asunto, someterase primeiro a votación a proposta de modificación do ditame e de seguido a proposta obxecto de ditame pola comisión informativa.

e) **Emenda:** é a proposta de modificación dun ditame ou proposición presentada por calquera membro, e deberase facer por escrito a través do Rexistro de Entrada, antes das 15 horas do día anterior a aquel no que teña lugar a sesión, agás no suposto dos plenos extraordinarios urxentes, nos que o escrito lle será presentado ao presidente antes de se iniciar a deliberación do asunto.

As emendas poden ser á totalidade ou a algún punto concreto do ditame.

Son á totalidade as que versen sobre a oportunidade, os principios ou o espírito do ditame e propoñan a devolución dela á comisión correspondente ou propoñan un texto completo alternativo. A aprobación da emenda levará consigo a devolución do ditame á comisión para que ditamine sobre o novo texto.

As emendas a algún punto concreto poderán ser de supresión, modificación ou adición. Nos dous últimos supostos, a emenda deberá conter o texto concreto que se propoña e non será necesaria a devolución do ditame á comisión.

O mesmo que no voto particular, votárase primeiro a emenda e de seguido a proposta obxecto de ditame pola comisión.

f) **Rogo:** é a formulación dunha proposta de actuación dirixida ao alcalde ou algún dos membros da Xunta de Goberno Local, e poderán ser debatidos, pero en ningún caso sometidos a votación.

Poden formular rogos todos os membros da Corporación ou os grupos municipais a través dos seus voceiros.

Os rogos serán tratados na mesma sesión na que se formulen, sempre e cando se presenten por escrito no Rexistro de Entrada con dous días de antelación ao da realización da sesión ordinaria.

Cada grupo poderá presentar un máximo de tres rogos nun mesmo pleno ordinario, aínda que a xunta de voceiros poderá ampliar este número, tendo en conta que cada rogo formulado só poderá instar unha única proposta de actuación, non podendo acumularse nun mesmo rogo varias peticións. O así formulado entenderase como non presentado.

Ao finalizar a lectura e explicación do rogo, o alcalde ou concelleiro en quen delegue, contestará se atende ou non ao rogo. No caso de que se atenda por aceptarse a proposta de actuación ou a procedencia do seu estudo, e non se solicite intervención polos demais grupos ou concelleiro no seu caso, non haberá debate.

No caso de que non se atenda o rogo, ou se solicite intervención, concederáse unha rolda. A rolda comezará polo partido propoñente do rogo, e continuará por orde de grupos de maior a menor, ou concelleiros no seu caso. Cada intervención non poderá exceder de cinco minutos. Pechará o debate o grupo propoñente e, para tal efecto, o presidente preguntará se ratifica ou modifica a proposta. No caso de modificación, disporá de tres minutos.

Finalizado o debate, se como resultado deste se modifica a proposta de actuación, o alcalde ou concelleiro en quen delegue manifestará se ratifica ou modifica o exposto anteriormente

g) **Pregunta:** é calquera cuestión formulada aos órganos de goberno no seo do pleno e que, unha vez contestada, non dará lugar a réplica nin a debate.

Poden formular preguntas todos os membros da Corporación, ou os grupos municipais a través dos seus voceiros.

As preguntas serán contestadas na mesma sesión na que se formulen, sempre e cando se presenten por escrito no Rexistro de Entrada con dous días de antelación ao da realización da sesión ordinaria. Non obstante, o señor alcalde ou presidente poderá deixalas para a sesión seguinte, se non dispuxese da información necesaria para o efecto. Os grupos municipais poderán, non obstante, solicitar contestación por escrito ás preguntas formuladas no pleno ordinario. O equipo de goberno poderá aceptar o devandito pedimento ou ben contestalas oralmente no seguinte pleno ordinario.

Cada grupo poderá presentar un máximo de tres preguntas nun mesmo pleno ordinario. A xunta de voceiros poderá ampliar este número tendo en conta que cada pregunta só poderá conter unha única cuestión, non podendo acumularse nunha mesma pregunta varias cuestións. A así formulada entenderase como non presentada.

Os rogos e mailas preguntas trataranse e contestaranse grupo por grupo, ata concluír tódalas presentadas por cada grupo, comezando polo grupo máis representativo en relación á composición da Corporación.

Tanto os rogos como as preguntas formularanse polo voceiro de cada grupo ou polo concelleiro no que delegue, e serán contestadas polo Alcalde-Presidente ou por delegación, polo voceiro do grupo de goberno ou polo concelleiro-delegado correspondente.

No suposto de que os rogos e preguntas se efectúen oralmente, serán tratados e contestados na sesión ordinaria seguinte, salvo que o Alcalde-Presidente decida que o sexan na mesma sesión.

2 – En caso de dúbida corresponde ao Pleno resolver sobre a cualificación das iniciativas presentadas polos grupos políticos.

Sección 3ª - Das votacións

Artigo 116

1 – Rematado o debate dun asunto, procederase á súa votación.

2 – Antes de comezar a votación o alcalde-presidente formulará clara e concisamente os termos dela e maila forma de emitir o voto.

3 – Unha vez iniciada a votación non se pode interromper por ningún motivo. Durante o desenvolvemento da votación, o alcalde-presidente non outorgará o uso da palabra e ningún membro corporativo poderá entrar no salón ou abandonalo.

4 – Rematada a votación ordinaria, o alcalde-presidente declarará o acordado.

5 – Inmediatamente de concluír a votación nominal, o secretario/a computará os sufraxios emitidos e anunciará en voz alta o seu resultado, á vista do cal o alcalde-presidente proclamará o acordo adoptado.

Artigo 117

1 – O Pleno adopta os seus acordos, como regra xeral, por maioría simple dos membros presentes. Existe maioría simple cando os votos afirmativos son máis que os negativos.

2 – Entenderase por maioría absoluta cando os votos afirmativos son máis da metade do número legal dos membros da Corporación.

3 – Entenderase que existe a maioría requirida no artigo 47.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, e do artigo 215.2 da Lei 5/1997, cando os votos afirmativos igualen ou superen aos dous terzos do número de feito dos membros que integran a Corporación e, en todo caso, maioría absoluta do seu número legal.

4 – No caso de que, de acordo co procedemento establecido no parágrafo primeiro do artigo 182 da Lei Orgánica 54/1985 do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, non quedasen máis posibles candidatos ou suplentes que se poidan nomear, os quórum de asistencia e votación previstos na lexislación vixente entenderanse automaticamente referidos ao número de feito dos membros da Corporación subsistente, de conformidade co disposto no citado precepto electoral.

5 – O voto dos concelleiros é persoal e indelegable.

Artigo 118

O voto pódese emitir en sentido afirmativo ou negativo, podendo os membros da Corporación absterse de votar.

Para os efectos da votación correspondente, considerarase que se absteñen os membros da Corporación que se ausentasen do salón de sesións unha vez iniciada a deliberación dun asunto e non estivesen presentes no momento da votación. No suposto de que se reintegrasen ao salón de sesións antes da votación poderán, dende logo, tomar parte nela.

No caso de votacións con resultado de empate, efectuarase unha nova votación, e se persistise o empate, decidirá o voto de calidade do presidente.

Artigo 119

As votacións poden ser ordinarias, nominais e secretas.

Son ordinarias as que se manifestan por signos convencionais de asentimento, disentimento ou abstención.

Son nominais aquelas votacións que se realizan mediante chamamento por orde alfabética de apelidos e sempre en derradeiro lugar o presidente, e na que cada membro da Corporación, ao ser chamado, resposta en voz alta “sí”, “non” ou “abstéñome”.

Son secretas as que se realizan por papeleta que cada membro da Corporación vaia depositando nunha urna ou bolsa.

Artigo 120

1 – O sistema normal de votación será a votación ordinaria.

2 – A votación nominal requirirá a solicitude dun grupo municipal aprobada polo Pleno por unha maioría simple en votación ordinaria.

Cada concelleiro poderá solicitarlle ao secretario/a que faga constar expresamente na acta o sentido en que emitiu o seu voto, para os efectos da súa lexitimación para a impugnación dos acordos que votase en contra.

3 – A votación secreta só se poderá utilizar para elección ou destitución de persoas, para a elección de alcalde na sesión constitutiva da Corporación á que fai referencia o artigo 40 do presente regulamento, así como no suposto previsto no artigo 70.1 da Lei 7/1985.

Artigo 121

Proclamado o acordo, os grupos que non interviñesen no debate ou que logo deste cambiasen o sentido do seu voto, poderán solicitar do presidente unha rolda de explicación do voto.

Sección 4ª - Do control e fiscalización polo Pleno da actuación dos demais órganos de goberno

Artigo 122

1 – De conformidade co establecido no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, correspóndelle ao Pleno, como atribución non delegable, o control e maila fiscalización dos órganos de goberno.

O devandito control e fiscalización exercerase a través dos seguintes medios:

- a) Coñecemento das resolucións ditadas polo alcalde, ou en virtude de delegación, polos concelleiros delegados, desde a última sesión plenaria ordinaria.

- b) Formulación de rogos e preguntas.
- c) Formulación de mocións.
- d) Requirimento de presenza para información e formulación de preguntas de membros corporativos que ostenten delegación.
- e) Debate sobre a actuación da Comisión de Goberno.
- f) Moción de censura ao alcalde.

Artigo 123

Respecto do medio de control recollido na alínea a) do artigo anterior, estarase ao previsto no artigo 46 do presente regulamento.

Artigo 124

Respecto da formulación de rogos e preguntas, estarase ao previsto no artigo 115, alíneas f) e g) do presente regulamento.

Artigo 125 (Modificado: Pleno 04/04/2013 e Pleno 30/03/2017)

1 – De conformidade co establecido no artigo 46.2 letra e) da Lei 7/1985, segundo a nova redacción dada pola Lei 11/1999, nos plenos ordinarios, dentro da parte dedicada ao control dos demais órganos da Corporación, garantírase de xeito efectivo a formulación de rogos, preguntas e mocións.

2 – Enténdese por moción non resolutiva, a proposta presentada por un ou varios grupos políticos, ou por un concelleiro, no seu caso, para que o Pleno formule unha declaración ou manifieste a súa posición política en relación cun tema de interese municipal ou xeral, relativo ou non ás materias enumeradas nos artigos 25, 26 e 28 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

Cando a moción sexa subscripta por todos os grupos municipais e concelleiros que compoñen a Corporación, a moción non resolutiva será cualificada como declaración institucional.

3 – As mocións formuladas co dito carácter de control e fiscalización deberán presentarse no Rexistro de Entrada cunha antelación de tres días á sesión do Pleno onde se vaian tratar, e serán entregadas, á maior brevidade posible, aos voceiros dos grupos municipais e aos concelleiros non adscritos, no seu caso, por medios electrónicos.

Para ser tratadas requírese que o voceiro ou membro da Corporación proponente xustifique a urxencia e que o Pleno, por maioría absoluta, ratifique a declaración de urxencia e, polo tanto, a procedencia do seu debate.

No suposto de que sexan presentados antes de efectuarse a convocatoria do pleno ordinario, e por tratarse de propostas de acordos de posicionamento político o declarativo de carácter institucional o testemuñal, poderán ser incluídas na orde do día e ser sometidas directamente ao Pleno sen necesidade de ditame previo da comisión informativa, isto sen prexuízo de que por parte do señor alcalde se estime pertinente o ditame da comisión informativa que corresponda.

De non incluírse na orde do día, poderán tratarse logo da xustificación da urxencia e ratificación desta por maioría absoluta do Pleno.

4 – O debate e deliberación das mocións rexerese polo establecido nos artigos 110 a 114 do presente regulamento, e no suposto de que resulten aprobadas, non precisarán de máis trámite que a comunicación do acordo adoptado ao seu destinatario.

Artigo 126

1 – Todo membro da Corporación que por delegación do alcalde ostente a responsabilidade dunha área de xestión, estará obrigado a comparecer ante o Pleno, cando este así o acorde, co obxecto de responder ás preguntas que se lles formulen sobre a súa actuación.

2 – Para tal efecto, os membros da Corporación ou grupos municipais a través dos seus voceiros, poderán formular por escrito requirimento de presenza e comparecencia dos membros corporativos que exerzan delegación. O escrito presentarse polo Rexistro Xeral cunha antelación de oito días hábiles anteriores á realización da sesión plenaria ordinaria, co fin de poderse recoller na orde do día da convocatoria. O devandito escrito deberá conter as preguntas concretas das que se require información, e mailo nome do concelleiro do que se solicita a comparecencia.

3 – Votada favorablemente a comparecencia, o concelleiro afectado poderá dar contestación na mesma sesión e dentro da mesma orde do día, ás preguntas formuladas no escrito.

Neste caso, trala exposición oral do concelleiro, poderán intervir os voceiros dos grupos municipais da Corporación por un tempo máximo de cinco minutos cada un, co obxecto de aclarar as contestacións dadas polo concelleiro, fixar posicións ou facer observacións, ás que contestará o concelleiro, dando por conclusa a comparecencia.

O presidente, en casos excepcionais, poderá, por pedimento da Xunta de Voceiros, abrir unha rolda para que os concelleiros poidan formular preguntas ou pedir aclaracións sobre a información facilitada. O presidente, para o efecto, fixará un número ou tempo máximo de intervencións.

4 – En caso contrario, o alcalde-presidente incluírá o asunto na orde do día da primeira sesión ordinaria ou extraordinaria que se realice.

Artigo 127

1 – O Pleno, por proposta do alcalde ou mediante solicitude da cuarta parte, cando menos, do número legal dos membros corporativos, poderá acordar a realización de sesión extraordinaria da que o seu obxecto sexa someter a debate a xestión da Comisión de Goberno.

2 – O desenvolvemento da sesión á que fai referencia a alínea anterior suxeitarase ao establecido con carácter xeral, intervindo en primeiro lugar o autor da proposta para explicar o significado dela. Contestará un membro da Comisión de Goberno designado por esta e, despois de sendas roldas de réplica, poderán intervir os demais grupos políticos da Corporación para formularlles preguntas aos demais membros da Comisión de Goberno, que serán contestadas por un ou varios membros da comisión, designados por esta tendo en conta os asuntos sobre os que se formulen as preguntas.

A intervención de cada grupo político para a formulación de preguntas, non sobrepasará os cinco minutos cada un.

As preguntas que se desexen formular deberanse presentar por escrito antes das 15 horas do día anterior ao da realización da sesión para o seu traslado á Comisión de Goberno.

O desenvolvemento da sesión axustarase ao establecido no artigo 123 respecto da comparancia dos concelleiros-delegados.

3 – Como consecuencia do debate poderase presentar unha moción co obxecto de que o Pleno manifeste a súa posición sobre a xestión da Comisión de Goberno. Se o Pleno admite debater a moción, esta incluírase na orde do día na seguinte sesión plenaria, ordinaria ou extraordinaria.

4 – Debatida a moción no pleno correspondente, o resultado da votación limitarase a manifestar a posición dos grupos políticos da Corporación, sen que con isto se poida pretender facer efectivas

responsabilidades civís, penais ou administrativas, das que a súa esixencia ten outros cauces procesuais.

Artigo 128

1 – O alcalde pode ser destituído mediante moción de censura, da que a súa presentación, tramitación e votación rexeráse polas seguintes normas:

- a) A moción de censura deberá ser proposta, polo menos, pola maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, e deberá incluír un candidato á Alcaldía, podendo selo calquera concelleiro do que a súa aceptación expresa conste no escrito de proposición da moción.
- b) O escrito no que se propoña a moción de censura deberá incluír as sinaturas debidamente autenticadas por notario ou polo secretario/a xeral da Corporación e deberáse presentar perante este por calquera dos seus asinantes. O secretario/a xeral comprobará que a moción de censura reúne os requisitos esixidos neste artigo e estenderá no mesmo acto a correspondente dilixencia acreditativa.
- c) O documento así dilixenciado presentárase no Rexistro Xeral da Corporación por calquera dos asinantes da moción, quedando o pleno automaticamente convocado para as doce horas do décimo día hábil seguinte ao do seu rexistro. O secretario/a da Corporación deberá remitirlles notificación indicativa de tal circunstancia a todos os membros dela no prazo máximo dun día, contado dende a presentación do documento no Rexistro, para os efectos da súa asistencia á sesión, especificando a data e hora dela.
- d) O Pleno será presidido por unha Mesa de Idade integrada polos concelleiros de maior e menor idade dos presentes, excluídos o alcalde e mailo candidato á Alcaldía, actuando como secretario/a o que o sexa da Corporación, quen acreditará tal circunstancia.
- e) A Mesa limitarase a dar lectura á moción de censura, conceder a palabra durante un tempo breve, se estivesen presentes, ao candidato á Alcaldía, ao alcalde e aos voceiros dos grupos municipais, e a someter a votación a moción de censura. O tempo de intervención para cada grupo non será superior aos dez minutos.
- f) O candidato incluído na moción de censura quedará proclamado alcalde se esta prosperase co voto favorable da maioría absoluta do número legal de concelleiros que legalmente compoñan a Corporación.

2 – Ningún concelleiro pode asinar durante o seu mandato máis dunha moción de censura. Para os devanditos efectos non se tomarán en consideración aquelas mocións que non se tramitasen por non reuniren os requisitos previstos na letra b) da alínea 1 deste artigo.

3 – A dimisión sobrevida do alcalde non suspenderá a tramitación e votación da moción de censura.

4 – O alcalde, no exercicio das súas competencias, está obrigado a impedir calquera acto que perturbe, obstaculice ou impida o dereito dos membros da Corporación a asistir á sesión plenaria na que se vote a moción de censura e a exercer o seu dereito ao voto nela. En especial, non son de aplicación á moción de censura as causas de abstención e recusación previstas na lexislación do procedemento administrativo.

Artigo 129

En relación coa cuestión de confianza que pode formular o alcalde ao Pleno, estarase ao previsto no artigo 197 bis da Lei Orgánica 8/1999, do 21 de abril, de modificación da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

Sección 5ª - Das actas

Artigo 130 (Modificado: Pleno 30/03/2017)

1 – No Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

2 – O videoacta defínese como un documento electrónico e multimedia, composto polo menos polos seguintes elementos:

- Acta sucinta: Documento electrónico que contén, respecto de cada sesión, o lugar da reunión, con expresión do nome do municipio e local no que ten lugar; o día mes e ano; a hora de inicio e de finalización da sesión; identificación do presidente e dos membros da Corporación que asisten á sesión, así como dos ausentes, que se escusen e dos que falten sen escusa, no seu caso; carácter ordinario ou extraordinario da sesión e se ten lugar en primeira ou segunda convocatoria; asistencia do secretario/a, ou de quen legalmente o substitúa, e presenza do funcionario responsable da Intervención, cando concorra; o enunciado dos puntos da orde do día e dos asuntos tratados con transcripción das propostas; resultado das votacións, facendo constar o número de votos afirmativos, negativos e abstencións; resultado dos ditames e acordos adoptados.
- Documento audiovisual ou vídeo: Gravación en vídeo de todo o ocorrido na sesión ou reunión contendo audio e imaxes. Este documento recolle a literalidade das intervencións de cada un dos oradores, e intégrase no documento electrónico de forma enlazada.
- Sinatura electrónica: A sinatura electrónica de curso legal da persoa que ostenta a Secretaría da sesión dota de fehaciencia e efectos de Dereito ao documento. Esta sinatura realízase facendo uso do certificado de sinatura da dita persoa. O videoacta será asinado polo secretario/a xeral da Corporación e polo alcalde-presidente ou quen legalmente os substitúa.

3 – De conformidade coa alínea anterior, o videoacta é un documento público e oficial, rubricado e validado pola persoa titular da Secretaría Xeral do concello, na súa función de fedatario público. En consecuencia, gardaranse todas as cautelas respecto do seu manexo e tratamento, e será recomendable evitar a descarga total ou parcial e a republicación, tendo en conta que os principios de transparencia e publicidade se salvagardan igualmente co mero visionado da parte audiovisual, a cal se atopará a disposición de todos os cidadáns no sitio oficial municipal sen límite de reproducións. O incumprimento do deber de cautela previsto neste artigo dará lugar a responsabilidade nos casos nos que o tráfico ou difusión do videoacta prexudique a imaxe ou os intereses corporativos.

4 – Co obxecto de outorgar a adecuada protección á intimidade das persoas que desexen asistir de maneira presencial ás sesións do pleno, ao comezo da sesión obtérase o consentimento ao tratamento dos seus datos persoais, entre os que se inclúe a propia imaxe, informando o señor alcalde ao público asistente ás sesións a través da seguinte mensaxe: *‘a sesión ten carácter público e vaise proceder á súa gravación e difusión para xeral coñecemento da cidadanía dos asuntos tratados nela. As persoas asistentes como público á sesión o fan libremente e enténdese que dan o seu consentimento á gravación e difusión das opinións e imaxes que delas se obteñan.’*

Para salvagardar os dereitos das persoas menores de idade non se permitirá a gravación de persoas menores, agás accesoria, nin a intervención delas, agás autorización expresa do seu pai, nai ou titor.

No acceso ao salón de sesións colocárase un cartel facendo constar que as sesións son gravadas, e se entende que o público asistente dá o seu consentimento á difusión das opinións e imaxes que se obteñan.

5 – Das sesións dos demais órganos colexiados levantarase acta co contido establecido na definición de acta sucinta que contén a alínea 2 do presente artigo, coa seguinte salvidade:

- Constarán as opinións sintetizadas dos grupos ou membros da Corporación que interviñesen nas deliberacións e incidencias destas.

Cando un membro do órgano colexiado desexe que a súa intervención conste na acta coa extensión ou precisión que considere de interese, manifestarao no momento de iniciar a exposición, e, concluída a sesión, entregaralle ao secretario/a unha copia dela para que sexa recollida na acta. No caso contrario, o secretario/a non ten a obriga de recoller literalmente as manifestacións efectuadas no transcurso da sesión, senón, como se fixo constar anteriormente, dunha forma sintetizada.

Artigo 131

1 – As actas redactaranse en galego.

2 – A acta, unha vez aprobada polo Pleno, transcribírase no Libro de Actas autorizándoa coas sinaturas do alcalde e do secretario/a.

3 – Os libros de actas estarán compostos de follas móbiles empregando o papel selado e numerado pola Xunta de Galicia.

Estas normas aplicaranse para o libro de actas do Pleno, Comisión de Goberno e Resolucións da Alcaldía.

CAPÍTULO II – FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE GOBERNO

Artigo 132

1 – A Comisión de Goberno realizará sesión constitutiva, a convocatoria do alcalde, dentro dos dez días seguintes a aquel no que este designase os membros que a integran.

2 – A Comisión, para exercer as súas competencias resolutorias, realizará sesións ordinarias coa periodicidade determinada polo Pleno da Corporación, tal e como se establece no artigo 41.a) o presente regulamento, e, como mínimo, cada 15 días.

Correspóndelle ao alcalde fixar, mediante a correspondente resolución, o día e hora no que se debe realizar a sesión ordinaria.

3 – As sesións extraordinarias e mailas urxentes terán lugar cando, con tal carácter, sexan convocadas polo alcalde.

4 – O alcalde poderá en calquera momento reunir á Comisión de Goberno cando considere necesario coñecer o seu parecer ou pedir a súa asistencia con anterioridade a ditar resolucións no exercicio das atribucións que lle corresponden.

5 – Malia o anterior, as sesións da Comisión de Goberno poderán ter carácter mixto, é dicir, poderán ser resolutivas e deliberantes ou de asistencia.

Para tal efecto, o alcalde poderá introducir como derradeiro punto da orde do día, nas sesións ordinarias, o de “ditames da Comisión de Goberno”.

6 – As sesións celebraranse no salón de sesións da Casa do Concello, agás os supostos de forza maior.

Artigo 133

1 – As sesións da Comisión de Goberno axustaranse ao establecido para o Pleno nos artigos anteriores, coas modificacións seguintes:

- a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros.
- b) As sesións da Comisión de Goberno non son públicas, sen prexuízo da publicidade e comunicación ás Administracións Estatal e Autonómica dos acordos adoptados. Ademais, no prazo de dez días deberase enviar a todos os membros da Corporación copia da acta.
- c) Para a válida constitución da Comisión de Goberno requírese a asistencia da maioría absoluta dos seus compoñentes. Se non existise quórum, constituirase en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sendo suficiente a asistencia da terceira parte dos seus membros e, en todo caso, un número non inferior a tres.
- d) O alcalde ou presidente dirixe e ordena ao seu prudente arbitrio os debates no seo da Comisión.
- e) Nos casos nos que a Comisión de Goberno exerza competencias delegadas polo Pleno, será preceptivo o ditame previo da Comisión Informativa correspondente, ademais de darlle conta ao Pleno tamén na primeira sesión que se realice, tal e como se establece no artigo 66 do presente regulamento.
- f) As actas das sesións da Comisión de Goberno transcribíranse en libro distinto do das sesións do Pleno.

2 – A Comisión de Goberno nas súas reunións deliberantes non poderá adoptar ningún acordo, formalizándose o resultado das deliberacións se é o caso, en forma de ditames nos termos do artigo 115 a) do presente regulamento.

3 – Tanto nas sesións como nas reunións da Comisión de Goberno, o alcalde ou presidente poderá requirir a presenza de membros da Corporación non pertencentes á Comisión de Goberno, ou de persoal ao servizo da entidade, co obxecto de emitir informe no relativo ao ámbito das súas actividades.

4 – Cando a Comisión de Goberno exerza competencias delegadas polo Pleno ou que lle fosen asignadas polas leis, adoptará os seus acordos mediante votación formal, segundo as normas establecidas no presente regulamento.

CAPÍTULO III - FUNCIONAMENTO DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E DE SEGUIMENTO DA XESTIÓN DO ALCALDE, COMISIÓN DE GOBERNO E CONCELEIROS QUE EXERZAN DELEGACIÓNS, ASÍ COMO DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS ESPECIAIS E DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

Artigo 134 (Modificado: Pleno 30/03/2017)

1 – As Comisións Informativas Permanentes e de seguimento e control, realizarán sesións ordinarias coa periodicidade que acorde o Pleno no momento de constituílas tal e como se establece nos artigos 41 b) e 79 do presente regulamento, nos días e horas que estableza o alcalde, ou o seu

respectivo presidente, os que poderán así mesmo, convocar sesións extraordinarias ou urxentes delas.

Reuniranse simultaneamente, nun mesmo acto. Cada unha emitirá o ditame que lle corresponda, salvo que o asunto sexa tamén competencia doutra, no que o ditame será conxunto.

Levantarase unha única acta.

O alcalde ou o presidente da comisión estará obrigado a convocar sesión extraordinaria cando o solicite a cuarta parte, cando menos, dos membros da Comisión. Neste caso, o mesmo que no suposto das sesións ordinarias ou extraordinarias urxentes, polo que respecta á orde do día, aplicarase o disposto no artigo 98 do presente regulamento.

De non efectuarse a convocatoria da sesión extraordinaria solicitada, estarase ao previsto para o pleno no artigo 94 do presente regulamento.

2 – As sesións realizaranse normalmente no salón de sesións da Casa do Concello, ou ben na dependencia dela que se sinale na convocatoria.

3 – As convocatorias correspóndenlle ao alcalde, agás no suposto de delegación da presidencia, de conformidade co artigo 80 a) do presente regulamento, e deberanlles ser notificadas aos membros da Comisión cunha antelación de dous días hábiles, salvo as urxentes. En todo caso, acompañarase a orde do día.

Para o pleno do orzamento, a notificación á comisión informativa correspondente deberá facerse cun mínimo de cinco días hábiles á súa celebración.

4 – Élles de aplicación ás Comisións Informativas Especiais o establecido na alínea 1, parágrafo 1, 6 e 7 respecto das convocatorias e alíneas 2 e 3.

Artigo 135 (Modificado Pleno 27/12/2007)

Respecto das comisións informativas e de seguimento da xestión do alcalde, Xunta de Goberno Local e concelleiros que exerzan delegacións, e tendo en conta a devandita función de seguimento que lles foi atribuída polo artigo 20.1 c) da Lei 11/1999, do 21 de abril, e que igualmente se recolle no artigo 78.2, letra c) do presente Regulamento, na orde do día das sesións ordinarias, logo dos asuntos respecto dos que se deban emitir os correspondentes ditames, incluírase o punto de rogos e preguntas. A presidencia poderá limitar ata un máximo de seis os rogos e preguntas que presente un grupo municipal para cada comisión informativa, e no demais será de aplicación o establecido para o efecto no artigo 115.1 f) e g) en relación co pleno.

Tamén resulta de aplicación o establecido no artigo 126 respecto da comparecencia dos concelleiros delegados nas materias propias das Comisións Informativas Permanentes correspondentes.

Artigo 136

1 – A válida realización das sesións require a presenza da maioría absoluta dos compoñentes da comisión, xa sexan titulares ou suplentes, na primeira convocatoria e un mínimo de tres membros na segunda convocatoria unha hora máis tarde. Se a representación é igualitaria, a que represente a maioría absoluta.

Actuará como secretario/a das comisións o que o sexa da Corporación, coa posibilidade que que poida delegalo noutro funcionario/a. Da devandita delegación darase conta ao Pleno na primeira sesión que se realice. Non obstante, aínda que fose delegada a devandita función, deberá asistir o secretario/a, cando así o considere o alcalde.

2 – O presidente dirixe e ordena, ao seu prudente arbitrio, respectando os principios xerais que rexen os debates plenarios, os debates da comisión.

3 – Os ditames aprobaranse sempre por maioría simple dos presentes, decidindo os empates o presidente con voto de calidade.

Artigo 137

1 – Ningunha comisión poderá deliberar sobre asuntos da competencia doutra, a non ser que se trate de problemas comúns, e neste caso poderá convocarse polo presidente da Corporación, por proposta dos das respectivas comisións, unha sesión conxunta.

2 – O ditame da comisión poderá limitarse a mostrar a súa conformidade coa proposta que lle sexa sometida polos servizos administrativos competentes ou ben formular unha alternativa.

3 – Os membros da comisión que discorden do ditame aprobado por esta, poderán pedir que conste o seu voto en contra ou formular voto particular para a súa defensa ante o Pleno, tendo en conta o establecido no artigo 115 d) do presente regulamento.

Artigo 138

Os ditames das comisións informativas teñen carácter preceptivo e non vinculante.

Esta norma non é de aplicación no suposto de plenos extraordinarios urxentes e mocións presentadas fóra da orde do día, tal e como se establece no artigo 99.2 do presente regulamento.

Non obstante, nestes casos, do acordo adoptado deberase dar conta á comisión informativa na primeira sesión que se realice. Por proposta de calquera dos membros da comisión informativa, o asunto deberá ser incluído na orde do día do seguinte pleno co obxecto de que este delibere sobre a urxencia acordada, no exercicio das súas atribucións de control e fiscalización.

Artigo 139

1 – O presidente de cada comisión poderá requirir a presenza, nas súas sesións, do persoal ou membros da Corporación para efectos informativos.

Ás sesións da Comisión de Facenda asistirá, en todo caso, o funcionario responsable da Intervención.

2 – De cada sesión das comisións informativas levantarase acta na que consten os extremos aos que se refiren as alíneas a), b), c), d), e), f), g), h), e m), do artigo 130.1 do presente regulamento e á que se achegarán os ditames que fosen aprobados e mailos votos particulares que lles fosen formulados a aqueles.

3 – As sesións non son públicas, non obstante, o alcalde ou o presidente da comisión poderá convocar, para os efectos de escoitar o seu parecer ou recibir o seu informe respecto dun tema concreto, aos representantes das asociacións ou entidades ás que se refire o artigo 255 da Lei 5/1997.

Artigo 140

Todo o previsto nos artigos 136, 137, 138 e 139 resulta igualmente de aplicación ás comisións informativas especiais.

Artigo 141

1 – Como se fixo constar no artigo 81.3 do presente regulamento, a Comisión Especial de Contas funcionará do mesmo xeito que as demais comisións informativas permanentes.

2 – De conformidade co establecido no artigo 212.3 da Lei 5/1997, a Comisión Especial da Contas terá que reunirse antes do día 1 de xuño de cada ano, para emitir lo informe preceptivo sobre as contas anuais do concello.

As contas e maila documentación complementaria, estarán ao dispor dos membros da comisión para examinalas e consultalas, como mínimo, quince días antes da reunión.

Artigo 142

En todo o non previsto neste capítulo, serán de aplicación as disposicións sobre o funcionamento do pleno.

CAPÍTULO IV – FUNCIONAMENTO DA XUNTA DE COORDINACIÓN E DA XUNTA DE VOCEIROS

Artigo 143

1 – O Pleno da Corporación poderá acordar a súa constitución, coas formalidades, integración e obxecto que figuran nos artigos 86 a 91 do presente regulamento.

2 – Ambos os dous órganos complementarios configúranse:

- a) A Xunta de Coordinación como un órgano deliberante e de asistencia para coordinar e harmonizar as actuacións tanto dos concelleiros-delegados como das comisións informativas.
- b) A Xunta de Voceiros como órgano de consulta e de asistencia ao alcalde.

Artigo 144

Respecto do seu funcionamento, estarase ao establecido para as comisións informativas, tendo en conta que, como tales órganos deliberantes, nas súas reunións non se poderá adoptar acordo ningún, formalizándose o resultado das deliberacións, se é o caso, en forma de ditames con propostas de actuación, establecemento de directrices, pautas, ou aclarando cuestións de interese municipal co fin de acadar unha liña de actuación común.

As reunións non son públicas, non obstante, tamén poderán asistir, se o alcalde o considera pertinente, para os efectos de escoitar o seu parecer ou recibir o seu informe respecto dun tema concreto, os representantes das asociacións ou entidades ás que se refire o artigo 255 da Lei 5/1997.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A partir da aprobación definitiva do ROM, o concello dará os pasos necesarios para a elaboración dun regulamento de participación cidadá, que pasará a formar parte como anexo deste ROM.

DISPOSICIÓN FINAL

No non previsto neste regulamento, estarase ao previsto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, e Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

DILIXENCIA:

A Corporación municipal en Pleno, en sesión extraordinaria de data 21 de decembro de 1999, aprobou, con carácter inicial, o Regulamento orgánico municipal do Concello de Cambre.

Exposto ao público durante trinta días, presentáronse alegacións que foron resoltas en sesión extraordinaria do día 13 de abril de 2000, publicándose o texto definitivo no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 98 de 29 de abril de 2000.

Faise constar que o citado texto normativo ten sido obxecto das seguintes modificacións:

1ª.- En sesión ordinaria de 27 de setembro de 2007, o Pleno da Corporación aprobou, con carácter inicial, a modificación dos artigos 108.5, 115.1 alíneas c), f) e g) e artigo 135 parágrafo primeiro do Regulamento orgánico municipal.

Exposto ao público durante trinta días, presentáronse suxestións que foron resoltas en sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 27 de decembro de 2007, publicándose o texto definitivo da modificación no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 39 de 16 de febreiro de 2008.

2ª.- En sesión ordinaria de data 27 de xaneiro de 2011, o Pleno da Corporación aprobou con carácter inicial a modificación dos artigos 18 a 22 e 30 a 34 do Regulamento orgánico municipal.

Exposto ao público durante trinta días, sen que se presentara ningunha reclamación ou suxestión, publicouse integramente o texto da modificación no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 61 de data 30 de marzo de 2011.

3ª.- En sesión ordinaria de data 4 de abril de 2013, a Corporación municipal en Pleno, aprobou, con carácter inicial, a modificación dos artigos 14, 16, 17, 26, 27, 44, 46, 63, 89, 91, 94, 96, 99, 103, 108, 115 e 125 do Regulamento orgánico municipal, así como a inclusión dun novo artigo 17 bis.

Exposto ao público durante trinta días, non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, polo que se publicou integramente o texto da modificación no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 107 de data 6 de xuño de 2013.

4ª.- En sesión ordinaria de data 30 de marzo de 2017, a Corporación municipal en Pleno, aprobou, con carácter inicial, a modificación dos artigos 97, 98, 99, 101, 115, 125, 130, e 134 do Regulamento orgánico municipal.

Exposto ao público durante trinta días, non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, polo que se publicou integramente o texto da modificación no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 107 de data 8 de xuño de 2017.

Unha vez transcorrido o prazo de quince días previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entrou en vigor, tal e como establece o art. 70.2 do citado texto normativo.

Así pois, o presente texto correspóndese co texto vixente do Regulamento orgánico municipal.

Cambre, 30 de xuño de 2017

A secretaria

M^a Luisa de la Red Ampudia